



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de novembro de 2022 (1324/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á sesión en modo online ó atoparse en situación de permiso por paternidade.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(983).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 15 de novembro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(984).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA A MODERNIZACIÓN E MELLORA DA DISPOÑIBILIDADE E CAPACIDADE DA INFRAESTRUTURA DE PROCESO DE DATOS DO CONCELLO DE VIGO: LOTE 1. EXPTE. 9887/113.

Visto o informe de fiscalización de data 17/11/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

11.- Proposta de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9.887-113) (lote 1)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9.887-113) (lote 1)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 1 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro para a modernización e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 09/06/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 06/07/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 04/07/2022 asinado polo técnico responsable de seguridade informática e polo xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 05/08/2022, asinado polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Memoria económica do contrato de data 05/08/2022, asinada polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.



Concello de Vigo

- Informe da Técnica de administración xeral do de Servizo de Contratación de data 08/08/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 08/08/2022.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 604.686,76 €, que inclúe un I.V.E. de 104.945,64 €, dende o 1 de setembro de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

exercicio	Partida/Proxecto	Concepto	base	ive	total
2022	9207.6260010/ 22920720	Equipamento servidores para CPD municipal	396.435,33 €	83.251,43 €	479.686,76 €
2022	9207.6260001/ 19920701	Centro procesament o datos CPD, Fase I e II	103.305,79 €	21.694,21 €	125.000,00€
TOTAL			499.741,12 €	104.945,64 €	604.686,76 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 27 de outubro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9887-113) (Lote 1) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntos totais da oferta
INFORHOUSE S.L	90,46
DATA BASE STORAGE, S.L.	69,79
CONNECTIS ICT SERVICES. S.A.U	67,88
AVENET IT	61,14
LOGICALIS SPAIN S.L.U.	41,70
EDNON, S.L.	34,09

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INFORHOUSE S.L (B36112803), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, INFORHOUSE S.L., o día 28 de outubro de 2022, que presenta a documentación requirida o 7 e 11 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 17 de novembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INFORHOUSE S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INFORHOUSE S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 21 de outubro de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a INFORHOUSE S.L. (B-36.112.803) o procedemento aberto para a contratación do subministro para a modernización, e mellora da dispoñibilidade e capacidade da infraestrutura de proceso de datos do Concello de Vigo (9.887-113) (lote 1) por un prezo máximo de 479.686,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 83.251,42 euros, coas seguintes condicións:

1. Propón as seguintes porcentaxes de desconto a aplicar aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP:
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo A: 4,62%
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo B: 32,15%
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo C: 17,12%
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Servidores de tipo D: 16,14 (nº) %
 - Porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario dos Sitches de fibra: 7,55%

2. Propón as seguintes melloras sobre os requisitos técnicos especificados na cláusula 3 do PPT:
 - a) Melloras técnicas dos servidores de tipo A:
 - a.1.- Incremento en 200 (nº) do valor mínimo de 900 en valor SPECrate@2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks:
(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)
 - a.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:
 - Memoria RAM de máis de 4 TB GB

 - b) Melloras técnicas dos servidores de tipo B:
 - b.1.- Incremento en 191 (nº) do valor mínimo de 400 en valor SPECrate@2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks
(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)
 - b.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:
 - Memoria RAM de máis de 1.5 TB

c) Melloras técnicas dos servidores de tipo C:

c.1.- Incremento en 220 (nº) do valor mínimo de 200 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks
(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

c.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

> Memoria RAM de máis de 1 TB

d) Melloras técnicas dos servidores de tipo D:

d.1.- Incremento en 220 (nº) do valor mínimo de 200 en valor SPECrate®2017_int_base CPU2017 Integer Rates na páxina de Índices Benchmarks
(https://www.spec.org/cpu2017/results/cpu2017.html#CINT2017_rate)

d.2.- Incremento das características técnicas da memoria RAM:

> Memoria RAM de máis de 1 TB

3. Incremento de garantía dos sistemas operativos:

- Dos servidores de tipo A (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido
- Dos servidores de tipo B (Vmware (integrable estrutura vCenter do Concello) 12 meses a maiores do mínimo exixido
- Dos servidores de tipo D Red Hat Virtualization (Red Hat Enterprise Linux) 12 meses a maiores do mínimo exixido

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de financiarse con fondos do «Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU». Liña estratéxica 4 “Infraestruturas dixitais”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(985).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MUSEALIZACIÓN DAS GALERÍAS E POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE VIGO. EXPTE. 10874/307.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización de data 18/11/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 17/11/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10.874-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10.874-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 25 de agosto de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS MUSEALIZACIÓN DAS GALERÍAS E POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE VIGO, segundo proxecto redactado polos arquitectos Perfecto Cendón Domínguez e Francisco Javier Vázquez Fernández.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación do 29.07.22) con data 12 de agosto de 2022.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 1.119.745,10 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3360.619.00.10 “MUSEALIZACIÓN POSTA EN VALOR FORTALEZA CASTRO” co proxecto asociado 22336010 e coa seguinte distribución de anualidades (con IVE):

- 2022: 559.872,55 euros
- 2023: 559.872,55 euros

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 27 de outubro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10.874-307) na seguinte orde descendente:

	EMPRESAS	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES ABAL - REVIVIS (FORTALEZA VIGO)	97,65
2	UTE XAC-OREGA-VIASTEC	96,68
3	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA-EMERGIS CONSTRUCCIÓN SL	96,27
4	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	70,66

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES ABAL - REVIVIS (FORTALEZA VIGO) (A36115459), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. - REVIVIS REABILITACAO RESTAURO E CONSTRUCAO LDA., o día 28 de outubro de 2022, que presenta a documentación requirida o 10 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 17 de novembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. - REVIVIS REABILITACAO RESTAURO E CONSTRUCAO LDA., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. - REVIVIS REABILITACAO RESTAURO E CONSTRUCAO LDA., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 18 e 21 de outubro de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. (A-36.115.459) - REVIVIS REABILITACAO RESTAURO E CONSTRUCAO LDA. (513475826, NIF N0100187D, VIES PT513475826) o procedemento aberto para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10.874-307) por un prezo total de 1.013.412,81 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 175.881,56 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este contrato é susceptible de ser financiado polo Ministerio de Industria, Comercio y Turismo mediante Real decreto 1119/2021, do 21 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención ao Municipio de Vigo para a mellora da competitividade do sector turístico.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(986).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE FUNDACIÓN QUINO SALVO, EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO VI MEMORIAL QUINO SALVO 2022. EXPTE. 21961/333.

Visto o informe xurídico do 16/11/2022 e o informe de fiscalización do 21/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 16/11/2022, asinado polo xefe do Servizo de

Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 21961/333 sobre a proposta de subvención a favor da Fundación Quino Salvo en relación á organización do evento deportivo VI Memorial Quino Salvo 2022, e atendendo á detección dun erro material, procedeuse a modificar a proposta tal e como a continuación se detalla:

1. Modificouse nº de edición do Torneo, que é sexta e non a quinta tal e como se detallaba ó longo da proposta.
2. Modificouse o apartado sétimo dos compromisos do anexo do expediente, e onde di “A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 15 de decembro de novembro de 2022” debe dicir “ A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 15 de decembro de 2022 ...”.

Polo exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo as observacións detallada:

INFORME PROPOSTA

Con data 31.10.2022 o Concelleiro de deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 10.000,00€ a favor da entidade FUNDACIÓN QUINO SALVO pola organización do evento deportivo VI MEMORIAL QUINO SALVO 2022.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para Vigo ser acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades organizadoras de eventos deportivos na cidade e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27 de decembro de 2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.



Concello de Vigo

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co que vai dito, a entidade FUNDACIÓN QUINO SALVO solicitou ó Concello de Vigo con data 24.10.2022 unha subvención en relación á celebración, na cidade de Vigo, do VI MEMORIAL QUINO SALVO 2022. Trátase dun evento de promoción do baloncesto no que participan por unha banda case 100 xogadores e xogadoras de categoría alevín, entre os que se atopan as entidades mais relevantes da cidade na categoría. A este torneo de base, hai que engadir a competición celebrada entre antigos xogadores e xogadoras de alto nivel de Galicia. Esta competición constou de dous partidos, un masculino e un feminino, que reuniu a antigos/as grandes ex-xogadores/as de míticas entidades como o OAR de Ferrol, o Mercantil, Ourense, Lugo, Obradoiro, Breogán, Bosco Vigo, Porriño ou o COB Ourense, históricos clubs do ámbito do baloncesto galego e en algúns casos nacional.

O gasto global derivado da organización e desenvolvemento destes eventos deportivos segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 12.507,00 €, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun proxecto de grande repercusión orientado á promoción da actividade deportiva, estando detallada no orzamento da Concellería de deportes do ano 2022, circunstancia impide a convocatoria pública da subvención e xustifica a súa concesión directa.

A entidade é a responsable única da organización xeral dos eventos, e asumirá todos os gastos e responsabilidades en todos os ámbitos derivados da mesma.

O Gasto total que supón a organización do evento, segundo o orzamento de ingresos/gastos presentado pola entidade xunto coa solicitude de subvención, ascende a un total de 12.507,00€, e inclúe un ingreso previsto do Concello de Vigo por importe de 10.000,00€ en concepto de subvención.

A celebración destes eventos deportivos na cidade de Vigo supoñen un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a consolidación de Vigo como “Cidade do deporte”.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito do evento deportivo.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais novos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha proposta de subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas*



Concello de Vigo

subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Considérase que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, ademais de estar detallada no orzamento da Concellería de deportes do ano 2022, o que fundamenta a súa tramitación a través dunha subvención directa, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e a súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

A entidade terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación da proposta e como máximo ata o 15 de decembro de 2022.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte da finalización do evento deportivo.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión dunha subvención a favor de FUNDACIÓN QUINO SALVO CIF: G27835255 pola organización do VI MEMORIAL QUINO SALVO 2022, de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00€. a favor da entidade FUNDACIÓN QUINO SALVO CIF: G27835255 e enderezo social na Avda. Madrid, 197, en Vigo, 36214, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente núm. 21961-333. Este crédito é con cargo á aplicación 3410.4800010 do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO: CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA FUNDACIÓN QUINO SALVO EN RELACIÓN Á CELEBRACIÓN DO VI MEMORIAL QUINO SALVO 2022.

I.-O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do VI MEMORIAL QUINO SALVO 2022 , organizado pola FUNDACIÓN QUINO SALVO que fixo a proposta de celebración e solicitude de subvención.

A entidade organizadora celebrou na cidade de Vigo o VI MEMORIAL QUINO SALVO 2022, un importante proxecto deportivo que converteu á cidade de Vigo, durante a súa celebración, nun importante centro de atención da modalidade.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto relevante de base e dunha importancia destacada de baloncesto de veteranos, cunha ampla promoción da actividade deportiva nos cativos e na mocidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade, o que supón un gran valor de carácter público e social.

O VI MEMORIAL QUINO SALVO 2022 trátase dun evento de promoción do baloncesto no que participan por unha banda case 100 xogadores e xogadoras de categoría alevín, entre os que se atopan as entidades mais relevantes da cidade na categoría. A este torneo de base, hai que engadir a competición celebrada entre antigos xogadores e xogadoras de alto nivel de Galicia. Esta competición constou de dous partidos, un masculino e un feminino, que reuniu a antigos/as grandes ex-xogadores/as de míticas entidades como o OAR de Ferrol, o Mercantil, Ourense, Lugo, Obradoiro, Breogán, Bosco Vigo, Porriño ou o COB Ourense, históricos clubs do ámbito do baloncesto galego e en algúns casos nacional.

II.-A entidade FUNDACIÓN QUINO SALVO organizou o MEMORIAL QUINO SALVO 2022, que supón un valor moi importante para a promoción deportiva da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O evento deportivo reuniu a case 100 deportistas de categoría alevín, ademais de ex-xogadores e xogadoras antigos compoñentes das entidades mais importantes da historia do baloncesto galego, cun acceso gratuito e espectáculo deportivo de nivel competitivo e educativo no valor do deporte e o esforzo na xuventude.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel.

III.-A entidade FUNDACIÓN QUINO SALVO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 21961-333.

COMPROMISOS:

Primeiro.- A entidade FUNDACIÓN QUINO SALVO colaborou coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente:

1º.- Organizou o VI MEMORIAL QUINO SALVO 2022, obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumiu todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.-Garantiu a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obtivo todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitou de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figurou a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizouse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.



Concello de Vigo

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareceu a imaxe institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitou ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolveron vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, figurou nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo.

10º.- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade FUNDACIÓN QUINO SALVO unha subvención por importe de 10.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4800010 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización do VI MEMORIAL QUINO SALVO 2022 . A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartelería, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 15 de decembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito

exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do VI MEMORIAL QUINO SALVO 2022.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.



Concello de Vigo

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 15 de decembro de 2022 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presente a entidade solicitante e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

5(987).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DO PROGRAMA “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 22114/333.

Visto o informe xurídico de data 18/11/2022 e o informe de fiscalización do 21/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 16/11/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

a) Con data 10.09.2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, aprobou o expediente para a “EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA NECESARIA PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS VINCULADOS CO “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 19710/333 (trámite núm. 151 do expediente 19710-333).

b) A Mesa de Contratación, na sesión celebrada o 20 de novembro de 2020, adoptou o acordo de clasificación de ofertas e proposta de adxudicación PARA a CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA NECESARIA PARA A REALIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS VINCULADOS CO “CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO. (traámite núm. 241 do expediente 19710-333).

c) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 03.12.2020 acordou adxudicar a *EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398)* o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de produción técnica de apoio á celebración de eventos deportivos do programa “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo” (19.710-333), por un prezo total do contrato é de 33.563,49 euros e unha duración dun ano, coa posibilidade de dúas prórrogas dun ano cada unha (trámite 273 do expediente 19710-333).

d) Con data 4.12.2020, procédese á sinatura do contrato coa mercantil *EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398)*, para a prestación do servizo obxecto da contratación, a partir do 8.12.2020 e cunha duración dun ano, contemplándose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha (traámite núm. 298 do expediente 19710-333).



Concello de Vigo

e) Con data 1.09.2021, enviouse notificación á empresa EVENTOS ESPECIALES DEL NOROESTE, SL, co preaviso da 1ª prorroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 LCSP, sendo a aplicación da devandita prorroga obrigatoria para o contratista. Consta acuse de recibo. (trámites núm. 346 e 350 do expediente 19710-333).

f) A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 25.11.2021, adoptou o acordo de *aprobar a 1ª prorroga do **CONTRATO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DO PROGRAMA CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19710/333**, por un período de un ano, comprendido entre o 8 de decembro de 2021 ata o 7 de decembro de 2022, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, á empresa EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398), por un importe total, con IVE, de 33.563,49 € (trámite núm. 50 do expediente 20915-333).*

g) A empresa adxudicataria do Servizo, presenta documento número 220282054 de data 14.11.2022, vía Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no que manifesta o seu interese en que se proceda a unha 2ª prorroga do "CONTRATO DE SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DO PROGRAMA CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO (EXPTE NÚM. 19710-333)" (trámite núm. 4 do expediente 22114-333).

2.- Fundamentos de dereito

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha o varias prorrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prorroga apróbase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso de produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prorrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

No PCAP, **cláusula 7. Prazo de execución, punto 3**, recóllese que este contrato poderá ser obxecto de prorroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prorroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla a posibilidade de dúas prorrogas, dun ano de duración cada unha.

Neste caso, por parte do Servizo de Deportes non se realizou o preaviso no prazo legalmente previsto. Sin embargo, a empresa adxudicataria do Servizo, presenta documento número 220282054 de data 14.11.2022, vía Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no que manifesta o seu interese en que se proceda a unha segunda prorroga do "CONTRATO DE SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE

EVENTOS DEPORTIVOS DO PROGRAMA CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO (EXPTE NÚM. 19710-333)" (trámite núm. 4 do expediente 22114-333).

3.- Desenvolvemento do contrato actual:

A empresa dispón de todos os medios necesarios tanto humanos como técnicos para o desenvolvemento do servizo, obxecto do contrato, e vén prestando o mesmo dun xeito satisfactorio, de acordo cos criterios marcados no PPT e a total satisfacción desta Administración.

Na situación actual, e tendo en conta que o vindeiro 7 de decembro remata a 1ª prórroga, resulta necesario propoñer a 2ª prórroga do contrato, tendo en conta que o levantamento das restricións derivadas da pandemia, levou á normalización da programación de eventos deportivos a incluír no calendario.

4.- Prezo anual do contrato:

A anualidade do contrato é de 27.738,42 euros sen IVE, sendo o IVE de 5.827,07 euros, o que fai un importe total da anualidade de 33.563,49 euros.

5.- Prezo para o período da prórroga

Tendo en conta que a primeira prórroga é por unha anualidade e segundo o indicado no PCAP non procede a revisión de prezos, o prezo do contrato para o período da segunda prórroga sería de 33.563,49 €, IVE incluído (importe base de 27.738,42 € e 5.827,07 en concepto de IVE).

6.- Financiamento do contrato:

O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 3410.2260901 "Organización de actividades deportivas", coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2022	3410.226.09.01	2.206,80 €
2023	3410.226.09.01	31.356,69 €

Posto que o prazo de execución do contrato remata o 7 de decembro de 2022 e constátase a necesidade de garantir o servizo, faise necesario tramitar a 2ª prórroga do "CONTRATO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DO PROGRAMA CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO".

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de servizos en anos anteriores e, polo tanto, encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.a) "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos".



Concello de Vigo

Polo anteriormente exposto e, conforme establece o art. 127 LBRL e a D. A. 2ª do Real Decreto Legislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, propónse á **Xunta de Goberno Local**, previo informe xurídico e fiscalización pola Intervención, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1. Aprobar a **2ª prorroga** do **CONTRATO DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DO PROGRAMA CALENDARIO DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 19710/333**, por un período de un ano, comprendido entre o 8 de decembro de 2022 ata o 7 de decembro de 2023, ambos os dous incluídos, conforme ao disposto no prego de cláusulas administrativas na prescrición 7ª, á empresa *EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398)*
2. **Aprobar o gasto de 33.563,49 €, IVE incluído**, que representa esta segunda prorroga anual a favor de *EVENTOS ESPECTACULARES DEL NOROESTE, S.L. (B-27.858.398)* con cargo a aplicación orzamentaria 3410.226.09.01 "ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS", coa seguinte distribución por anualidades:

ANUALIDADE	PARTIDA	IMPORTE
2022	3410.226.09.01	2.206,80 €
2023	3410.226.09.01	31.356,69 €

3. **Notificar este acordo ao contratista**, con indicación de que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e cctes da Lei 29/98).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(988).- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO. EXPTE. 26298/332.

Visto o informe de fiscalización do 17/11/21 e dilixencia do 21/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 21/11/2022, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Obxecto e finalidade:

O Concello de Vigo no ámbito das súas competencias convoca o programa de “AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO” co obxecto de servir de apoio ás familias do alumnado de centros docentes públicos e privados concertados, de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de educación especial, sitos no termo municipal de Vigo, coa finalidade de paliar os efectos da actual crise económica de xeito que os gastos inherentes ao novo curso escolar lles resulten menos gravosos, tendo en conta o actual contexto socio-económico motivado polos altos niveis de inflación e a alza dos prezos

II. Competencia:

A Constitución Española de 1978 recolle dentro dos principios reitores da política social e económica, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Pola súa parte, a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, no artigo 8. 2 b) reconece aos municipios competencias na execución de programas e proxectos destinados á atención á familia.

O Concello de Vigo pretende axudar ás familias nun momento en que os altos niveis de inflación están empobrecendo ás familias e afectando a súa capacidade de compra. Neste contexto socioeconómico, a protección económica das familias debe constituír unha prioridade para os poderes públicos.

III. Beneficiario/as:

Poderán beneficiarse destas axudas os pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado de centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo matriculados en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial.

IV. Procedemento de concesión da subvención:

A convocatoria realízase, ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), en réxime de concorrencia competitiva sen establecer comparación entre as solicitudes e sen fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

V. Contido:



Concello de Vigo

As bases reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios obxectivos de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

VI. Normativa de aplicación:

De acordo co disposto no artigo 17.2 da LXS as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións, ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, conforme ao disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2022 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto, o procedemento de concesión destas axudas rexeráse polas súas propias Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

VII. Contía total e crédito orzamentario:

A contía das axudas será de 205,00 (douscentos cinco) euros por cada fillo/a escolarizado/a que reúna os requisitos establecidos na base cuarta.

O financiamento da concesión destas axudas farase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. axudas familias fillos escolarizados" dotada con 5.200.000,00 euros.

Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determina na presente convocatoria. Non entanto, para o suposto de que o crédito sinalado non fose suficiente para atender a tódalas solicitudes que cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases prevese a posibilidade de tramitar un incremento de crédito nos termos previsto no artigo 31.2 da LSG. O incremento do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Ao tratarse dun suposto de tramitación anticipada, previsto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS), a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local das bases reguladoras, remitirase o expediente para informe da Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión da subvención.

VIII. Publicidade:

A. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Estas bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

B. Publicidade das subvencións concedidas.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

A tal efecto, tense procedido a elaborar unha convocatoria, así como as bases reguladoras e un extracto da mesma en galego e castelán.

IX. Recursos:

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contarase a partir do día seguinte ao das respectivas publicacións oficiais.

X. Órgano competente:

O artigo 74 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da LRBRL, correspóndelle á Xunta de Goberno Local o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.

De conformidade co anteriormente exposto, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, e coa conformidade dos concelleiros delegados da Área de Educación e da Área de Orzamentos e Facenda, nos termos das delegacións competenciais efectuadas na data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO



Concello de Vigo

PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.200.000,00 (cinco millóns douscentos mil) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2022.

SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan no expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.
- Os modelos de formularios normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO (expediente 26298/332).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española de 1978 recolle, dentro dos principios reitores da política social e económica, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

No momento actual atopámonos nunha situación de crise económica provocada polas consecuencias da guerra de Ucraína e os altos niveis de inflación que está empobrecendo ás familias. O incremento nos últimos meses do gasto das unidades familiares con menores a cargo, derivado da inflación, debilita a capacidade de facer fronte a desembolsos extraordinarios inherentes aos seus fillos, como é o caso dos gastos necesarios para afrontar o curso escolar do alumnado

integrado nos distintos niveis de ensinanza obrigatoria e especial (material educativo, roupa e material deportivo, equipamentos informáticos e de comunicación, libros, actividades extraescolares...)

O Índice de Prezos ao Consumo publicado polo INE alcanzou en xullo de 2022 un 10,8% interanual, o nivel máis elevado en décadas. Tendo en conta que a renda media por unidade familiar en Vigo, para o último ano dispoñible nas estatísticas territorializadas de renda do INE (2019), foi de 33.720 € anuais, o impacto medio bruto da inflación sobre a capacidade de compra de cada familia viguesa pode estimarse nuns 303 euros mensuais.

Este forte impacto no poder de compra afecta de modo desigual á cidadanía. En efecto, as necesidades básicas representan un maior gasto no caso de unidades familiares con persoas maiores, dependentes e/ou menores a cargo. En relación con estes últimos, cabe destacar que, segundo a máis recente Sondaxe de Condicións de Vida do INE, para o ano 2021, as/os menores de 16 anos tiñan un risco 7 puntos superior á media da cidadanía de atoparse en risco de pobreza (28,7% fronte a 21,7%).

Neste contexto socioeconómico, a protección económica das familias debe constituír unha prioridade para os poderes públicos. Existen distintos instrumentos posibles a disposición do Concello para paliar o impacto sobre as familias da subida xeneralizada de prezos. A fórmula dunha axuda fixa por cada alumna/o matriculada/o en centros de ensino obrigatorio ou de educación especial sostidos con fondos públicos no territorio de Vigo, para todas as familias con alumnas/os a cargo, considérase a máis oportuna. O carácter de subvención universal xustifícase en base aos seguintes argumentos:

En primeiro lugar, a acción proposta fundaméntase no principio de protección económica á familia, entendida, a efectos do presente expediente, como unidade de convivencia con alumnas/os a cargo. Téñase en conta que as políticas dirixidas á atención de finalidades de interese xeral teñen habitualmente alcance universal e incondicional, como é o caso da sanidade pública ou da propia educación pública, así como, no que respecta a medidas introducidas como resposta á conxuntura económica descrita, a gratuidade das viaxes en tren de cercanías ou media distancia.

O segundo argumento atende aos principios de economía, eficiencia e eficacia na xestión (artigo 3.1 da Lei 40/2015). En efecto, a adopción de calquera outra condicionalidade significativa que discriminase ás familias con alumnas/os a cargo aos efectos desta axuda, non só a desviaría da súa finalidade principal, senón que, ademais, os procedementos administrativos necesarios para a comprobación de tales condicións implicarían un custo que resultaría antieconómico.

BASES

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.

As presentes bases regulan o procedemento para a concesión de axudas ás familias do alumnado de centros docentes públicos e privados concertados, de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de educación especial sitos no termo municipal de Vigo, coa finalidade de paliar os efectos da actual crise económica de xeito que os gastos inherentes ao novo curso escolar lles resulten menos gravosos, tendo en conta o actual contexto socioeconómico motivado polos altos niveis de inflación e a alza dos prezos.

SEGUNDA.- Réxime de Concesión.

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva sen establecer comparación entre as solicitudes e sen fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

TERCEIRA.- Contía da subvención e aplicación orzamentaria.



Concello de Vigo

A contía das axudas será de 205,00 (douscentos cinco) euros por cada fillo/a escolarizado/a que reúna os requisitos establecidos na base cuarta.

O financiamento da concesión destas axudas farase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. axudas familias fillos escolarizados", dotada con 5.200.000,00 euros. Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determina na presente convocatoria. Non entanto, para o suposto de que o crédito sinalado non fose suficiente para atender a todas as solicitudes que cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases prevese a posibilidade de tramitar un incremento de crédito nos termos previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG). O incremento do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Ao tratarse dun suposto de tramitación anticipada, previsto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS), a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

CUARTA.- Beneficiarios/as.

Poderán beneficiarse destas axudas os pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado de centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo matriculados en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial.

QUINTA.- Requisitos.

a) Que o alumnado para o que se solicite a axuda estea matriculado nun centro público ou privado concertado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial situado no termo municipal de Vigo.

b) Que o/a solicitante conviva cos/cás alumnos/as para os/as que se solicite a axuda. A convivencia habitual acreditarase mediante informe dos datos do padrón de habitantes (Para os solicitantes empadroados en Vigo a comprobación realizarase polo Concello de Vigo).

c) Ter presentado a solicitude e a documentación necesaria nos prazos estipulados.

d) Que os titulares das axudas se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, e deben cumprir os requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Para a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias referidas establececese o réxime simplificado de conformidade co disposto no artigo 31.7 e) da LSG, e artigo 24.4 do RLXS.

e) Situación de acollemento: acreditarase por resolución xudicial ou administrativa.

f) Situación de tutela: acreditarase por resolución xudicial ou administrativa.

SEXTA.- Obrigas.

Serán obrigas das persoas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas nos artigos 14 da LXS e 11 da LSG, as que seguen:

- Facilitar toda a información que fose requirida polo Concello de Vigo no proceso de xestión e aboamento destas axudas

- Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo Servizo de Educación a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a este e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control das subvencións.

SÉTIMA.- Compatibilidade e tratamento fiscal.

A subvención que se outorgue será compatible con outras axudas ou subvencións doutros organismos públicos ou privados para a mesma finalidade.

O tratamento fiscal das axudas previstas nestas bases será o que determine en cada caso a Administración Tributaria competente.

A estes efectos:

- As axudas están destinadas a familias con alumnado de estudos regrados de centros docentes sostidos con fondos públicos de educación primaria, secundaria obrigatoria e educación especial.

- A concesión das axudas axústase aos principios de xeneralidade, non discriminación nas condicións de acceso e publicidade na convocatoria.

OITAVA.- Solicitud e documentación.

O procedemento de concesión das axudas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da LSG, non sendo necesario fixar unha orde de prelación, nin realizar comparación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases, por canto a finalidade é axudar a todas as familias con nenos/as en educación obrigatoria e educación especial, atendendo aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Poderán presentar solicitudes os pais, nais, titores/as ou representantes legais dos alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial situados no termo municipal de Vigo utilizando o modelo oficial que figura como Anexo.

So se aceptará unha solicitude por unidade de convivencia. No caso de que se presenten máis acumularanse, tramitándose a primeira presentada no Rexistro.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte **documentación**:

- a) DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante (só para solicitude presencial).
- b) Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.
- c) Volante de empadramento familiar só para os solicitantes non empadroados en Vigo.
- d) Certificado de matrícula do centro escolar acreditativo de que o alumnado para o que se solicita a axuda está matriculado no curso 2022-2023 en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial.
- e) Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda.
- f) De ser o caso, outro documento xustificativo da convivencia co menor.
- g) Declaración responsable do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social de conformidade co artigo 24.4 do RLXS (Esta declaración consta incluída no formulario de solicitude).

NOVENA.- Presentación de solicitudes.

As solicitudes cumprimentaranse mediante o formulario de solicitude de uso obrigatorio para os interesados.

- **Solicitud telemática (vía preferente):** Poderá presentarse a solicitude por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Vigo a través da URL: <https://www.vigo.org/axudas-ensino> (premendo no botón Tramitar por Internet) achegando a



Concello de Vigo

documentación esixida nas bases, sendo necesario asinala por calquera dos medios de sinatura admitidos na Sede Electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=sede_firma.

- **Solicitude presencial:** Deberá cumprimentarse o formulario de solicitude a través da URL: <https://www.vigo.org/axudas-ensino> (premendo no botón Tramitar presencialmente) e posteriormente presentalo no Rexistro Xeral Municipal do Concello de Vigo xunto coa documentación esixida nas bases.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

DÉCIMA.- Prazo para a presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será de **dous meses** contados a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, cúmprense os requisitos esixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Tramitación e subsanación de solicitudes.

De conformidade co regulado no artigo 22 da LSG o procedemento de concesión de axudas tramitarase mediante procedemento abreviado, polo que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente directamente polo órgano instrutor que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP. A notificación do requirimento realizarase aos interesados mediante publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

DÉCIMO SEGUNDA.- Concesión das axudas.

1. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación das axudas.
2. O prazo para resolver será, como máximo, de nove meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

3. A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

DÉCIMO TERCEIRA. Reclamacións

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

DÉCIMO CUARTA. Aceptación da subvención e obrigas das persoas beneficiarias.

A subvención entenderase aceptada se dentro do prazo de 10 días da súa publicación consonte co artigo 45.1.b) da LPACAP, as beneficiarias non manifestan nada en contra.

DÉCIMO QUINTA. Aboamento das axudas.

Unha vez resolta a convocatoria mediante acordo da Xunta de Goberno Local aboaranse as axudas mediante transferencia bancaria á conta da persoa solicitante da axuda.

DÉCIMO SEXTA.- Comisión de seguimento.

A Comisión de Seguimento quedará integrada polo concelleiro delegado do Servizo de Educación, que actuará como presidente, a xefa do Servizo de Educación, a xefa do Servizo de Fiscalización e o técnico medio de actividades culturais e educativas do Servizo de Educación, e será competente para resolver as dúbidas na interpretación das presentes bases .

O concelleiro delegado da área resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida comisión.

DÉCIMO SÉTIMA.- Infraccións e sancións.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o previsto nas Leis 39 e 40, do 1 de outubro de 2015, e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

DÉCIMO OITAVA.- Publicidade.

1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria publicaranse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaranse, unha vez aprobadas:



Concello de Vigo

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Estas bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

2. Publicidade das subvencións concedidas.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Editos e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

DÉCIMO NOVENA.- Tratamento de datos de carácter persoal.

Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, e notificacións de obrigado cumprimento, e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén serán obxecto das obrigas de publicación e poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas e beneficiarias poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

VIXÉSIMA.- Normativa de aplicación.

Esta convocatoria rexeráse polas súas Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVOCATORIA DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO

Primeiro. OBXECTO

As presentes bases regulan o procedemento para a concesión de axudas ás familias do alumnado de centros docentes públicos e privados concertados, de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de educación especial sitos no termo municipal de Vigo, coa finalidade de paliar os efectos da actual crise económica de xeito que os gastos inherentes ao novo curso escolar lles resulten menos gravosos, tendo en conta o actual contexto socio-económico motivado polos altos niveis de inflación e a alza dos prezos.

Segundo. BENEFICIARIOS/AS

Poderán beneficiarse destas axudas os pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado de centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo matriculados en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial.

Terceiro. RÉXIME DE CONCESIÓN

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva sen establecer comparación entre as solicitudes e sen fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

Cuarta. REQUISITOS

- a) Que o alumnado para o que se solicite a axuda estea matriculado nun centro público ou privado concertado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial situado no termo municipal de Vigo.
- b) Que o/a solicitante conviva cos/cás alumnos/as para os/as que se solicite a axuda. A convivencia habitual acreditarase mediante informe dos datos do padrón de habitantes (Para os solicitantes empadroados en Vigo a comprobación realizarase polo Concello de Vigo).
- c) Ter presentado a solicitude e a documentación necesaria nos prazos estipulados.
- d) Que os titulares das axudas se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de



Concello de Vigo

Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e coa Seguridade Social, e deben cumprir os requisitos do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Para a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias referidas establececese o réxime simplificado de conformidade co disposto no artigo 31.7 e) da LSG, e artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.

e) Situación de acollemento: acreditarase por resolución xudicial ou administrativa.

f) Situación de tutela: acreditarase por resolución xudicial ou administrativa.

Quinto. NORMATIVA E BASES REGULADORAS

Esta convocatoria rexerá polas súas Bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Sexto. CONTÍA

A contía das axudas será de 205,00 € (douscentos cinco euros) por cada fillo/a escolarizado/a que reúna os requisitos establecidos na base cuarta.

O financiamento da concesión destas axudas farase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. axudas familias fillos escolarizados", dotada con 5.200.000,00 euros.

Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determina na presente convocatoria. Non entanto, para o suposto de que o crédito sinalado non fose suficiente para atender a todas as solicitudes que cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases prevese a posibilidade de tramitar un incremento de crédito nos termos previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG). O incremento do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Ao tratarse dun suposto de tramitación anticipada, previsto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS), a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Sétimo. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes cumprimentaranse mediante o formulario de solicitude de uso obrigatorio para os interesados.

- **Solicitude telemática (vía preferente):** Poderá presentarse a solicitude por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Vigo a través da URL: <https://www.vigo.org/axudas-ensino> (premendo no botón Tramitar por Internet) achegando a documentación esixida nas bases, sendo necesario asinala por calquera dos medios de sinatura admitidos na Sede Electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?id=sede_firma.

- **Solicitud presencial:** Deberá cumprimentarse o formulario de solicitude a través da URL: <https://www.vigo.org/axudas-ensino> (premendo no botón Tramitar presencialmente) e posteriormente presentalo no Rexistro Xeral Municipal do Concello de Vigo xunto coa documentación esixida nas bases.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será de **dous meses** contados a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, cúmprense os requisitos esixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Oitavo.- DOCUMENTACIÓN

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte **documentación**:

- a) DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante (só para solicitude presencial).
- b) Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.
- c) Volante de empadramento familiar só para os/as solicitantes non empadroados en Vigo.
- d) Certificado de matrícula do centro escolar acreditativo de que o alumnado para o que se solicita a axuda está matriculado no curso 2022-2023 en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial.
- e) Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda.
- f) De ser o caso, outro documento xustificativo da convivencia co/coa menor.
- g) Declaración responsable do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social de conformidade co artigo 24.4 do RLXS (Esta declaración consta incluída no formulario de solicitude).

Noveno. ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN, RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO, RECURSOS PROCEDENTES E NOTIFICACIÓN

De conformidade co regulado no artigo 22 da LSG o procedemento de concesión de axudas tramitarase mediante procedemento abreviado, polo que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente directamente polo órgano instructor que unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP. A notificación do requirimento realizarase aos



Concello de Vigo

interesados mediante publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación das axudas.

O prazo para resolver será, como máximo, de nove meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de nove meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Edictos, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

A subvención entenderase aceptada se dentro do prazo de 10 días da súa publicación consonte co artigo 45.1.b) da LPACAP, as beneficiarias non manifestan nada en contra.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que as ditou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

Décimo. CRITERIOS DE VALORACIÓN

De conformidade co regulado no artigo 22 da LSG, o órgano instructor unicamente deberá comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención.

Undécimo. OUTROS DATOS

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaránse na páxina web www.vigo.org.

Duodécimo. PUBLICACIÓN

As Bases reguladoras e a Convocatoria publicaránse conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da LXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Publicaránse, unha vez aprobadas:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, conforme ao art. 14.1 da LSG.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Edictos e no portal de transparencia do Concello de Vigo, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

As subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO DE DD/MM/2022, POLO QUE SE CONVOCAN AS AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. OBXECTO

As presentes bases regulan o procedemento para a concesión de axudas ás familias do alumnado de centros docentes públicos e privados concertados, de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de educación especial sitos no termo municipal de Vigo, coa finalidade de paliar os efectos da actual crise económica de xeito que os gastos inherentes ao novo curso escolar lles resulten menos gravosos, tendo en conta o actual contexto socio-económico motivado polos altos niveis de inflación e a alza dos prezos.

Segundo. BENEFICIARIOS/AS

Poderán beneficiarse destas axudas os pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado de centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo matriculados en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial.

Terceiro. BASES REGULADORAS

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas na páxina web municipal www.vigo.org, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Cuarto. CONTÍA

A contía das axudas será de 205,00 € (douscentos cinco euros) por cada fillo/a escolarizado/a que reúna os requisitos establecidos na base cuarta.

O financiamento da concesión destas axudas farase con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. axudas familias fillos escolarizados", dotada con 5.200.000,00 euros.

Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determina na presente convocatoria. Non entanto, para o suposto de que o crédito sinalado non fose suficiente para atender a todas as solicitudes que cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases prevese a posibilidade de tramitar un incremento de crédito nos termos previsto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG). O incremento do crédito publicárase



Concello de Vigo

nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Ao tratarse dun suposto de tramitación anticipada, previsto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS), a concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión.

Quinto. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes cumprimentaranse mediante o formulario de solicitude de uso obrigatorio para os interesados.

- **Solicitude telemática (vía preferente):** Poderá presentarse a solicitude por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Vigo a través da URL: <https://www.vigo.org/axudas-ensino> (premendo no botón Tramitar por Internet) achegando a documentación esixida nas bases, sendo necesario asinala por calquera dos medios de sinatura admitidos na Sede Electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?idt=sede_firma.

- **Solicitude presencial:** Deberá cumprimentarse o formulario de solicitude a través da URL: <https://www.vigo.org/axudas-ensino> (premendo no botón Tramitar presencialmente) e posteriormente presentalo no Rexistro Xeral Municipal do Concello de Vigo xunto coa documentación esixida nas bases.

Así mesmo, os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será de **dous meses** contados a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

A presentación da solicitude implicará que se aceptan as bases da convocatoria, cúmprense os requisitos esixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude; así mesmo, as persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Sexto.- DOCUMENTACIÓN

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte **documentación**:

- a) DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante (só para solicitude presencial).
- b) Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.
- c) Volante de empadramento familiar só para os/as solicitantes non empadromados en Vigo.
- d) Certificado de matrícula do centro escolar acreditativo de que o alumnado para o que se solicita a axuda está matriculado no curso 2022-2023 en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial.
- e) Documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda.
- f) De ser o caso, outro documento xustificativo da convivencia co/coa menor.

g) Declaración responsable do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social de conformidade co artigo 24.4 do RLXS (Esta declaración consta incluída no formulario de solicitude).

Sétimo. OUTROS DATOS

As bases reguladoras e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.

7(989).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTES SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 19672/77.

Visto o informe xurídico do 14/11/2022 e o informe de fiscalización do 16/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/2022, asinado pola técnica de Xestión, a xefa do Servizo de Participación Cidadá, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Mediante resolución do 5/10/2022, a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego resolveu iniciar o expediente de contratación da subministración en réxime de arrendamento (renting) de vehículos sen condutor para o desprazamento das persoas traballadoras seleccionadas dentro do Plan Municipal de Emprego.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato, asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e pola Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego de data 5/10/2022.



Concello de Vigo

- b) Declaración da redactora do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de xestión, de data 7/10/2022.
- c) Memoria económica do contrato, de data 11 de outubro de 2022, asinada pola técnica de xestión, xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego e o Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- d) Documento contable de retención de crédito de 11/10/2022 (RCFUT núm. operación: 2022103773)
- e) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, asinado pola técnica de xestión en data e pola xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego en data 26/10/2022.
- f) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 26/10/2022, asinada pola técnica de xestión, en ausencia da xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego.
- g) Informe do servizo de contratación, asinado pola Técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación, de data 28/10/2022.
- h) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 28 de outubro de 2022, asinado pola Técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" modificada por Resolución de Alcaldía de 6 de setembro de 2022, e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020), modificado o 8 de setembro de 2022. A Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, en resolución de 5/10/2022, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de xestión do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Técnica de administración xeral e a xefa do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se ten incorporado polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (19672-77) por procedemento aberto simplificado abreviado do ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 26 de outubro de 2022, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 28 de outubro de 2022, que rexerán a contratación do ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO.

3º.- Aprobar o gasto de 67.760,00 euros, para a contratación do ALUGUER, NA MODALIDADE DE RENTING, DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DE TRABALLADORES/AS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE (P. EMPREGO), do orzamento do Concello de Vigo, distribuído do xeito seguinte:

- 33.880,00 € correspondentes ao ano 2023
- 33.880,00 € correspondentes ao ano 2024

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(990).- NOMEAMENTO DAS COMISIÓNS DE SELECCIÓN DE TRABALLADORES BENEFICIARIOS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 19639/77.

Visto o informe de fiscalización do 21/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 18/11/2022, asinado pola técnica de Xestión, a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:



Concello de Vigo

I. A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral" co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Tenencia de Alcaldía e Concellería delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego pon en marcha o PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022, concretado na realización de contratos de duración determinada en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais "integrados no seu cadro de persoal".

II. Con data 6/09/2022, a Dirección Xeral de Administración Local, "*informa favorablemente o Plan municipal de emprego 2022 do concello de Vigo, coas obrigas e condicionantes establecidos legalmente*".

III. Con data 14/10/2022, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“

1. **Aprobar as bases de selección** de persoas candidatas a beneficiarias do PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022 que se achegan no anexo I; e **proceder á súa publicación** no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios, na web municipal e no portal de transparencia, para xeral coñecemento.
2. **Aprobar a convocatoria** de selección de **75** traballadores, conforme ás BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO convocatoria do 2022:

...)"

As bases da convocatoria foron publicadas no BOP núm. 208 de 31/10/2022 e DOG núm. 214 de 10/11/2022, así como, na páxina web municipal, prensa local e portal de transparencia.

IV. Para esta nova convocatoria mantense o procedemento de selección de beneficiarios de anteriores programas, previa solicitude de candidatos dirixida ás oficinas do Servicio Público de Emprego de Galicia en Vigo para a realización da sondaxe conforme aos criterios establecidos na convocatoria e, posterior realización das probas escritas e prácticas, para o que resulta necesario proceder ao nomeamento dos membros titulares e suplentes das Comisións de Selección, que serán propostos polo Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, con titulación igual ou superior á do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal, establecendo un número máximo de dezoito (18) sesións (3 para a Comisión de selección de Capataces, 6 para a Comisión de selección de Peóns, 3 para a Comisión de selección de Persoal técnico-administrativo e 6 para a Comisión de selección de Oficiais), cun gasto estimado de 6.000 €.

Dada a previsión de realización das probas ao longo do mes de decembro, o expediente para proceder ao aboamento das dietas se tramitará, previsiblemente no exercicio 2023, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2330000 de "Dietas de Tribunais", e o gasto se financiará, se fora preciso, con cargo á bolsa de vinculación ou mediante modificación orzamentaria.

Estímase necesaria a constitución de polo menos as 4 comisións de selección seguintes:

- Capataces
- Oficiais de Oficios
- Peóns-Ordenanza
- Persoal técnico administrativo (Auxiliar administrativo e Técnico de FP Auxiliar de Prevención de Riscos Laborais)

Cara a axilizar o proceso selectivo, en data 7/11/2022 e coa conformidade da Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, se habilitou un procedemento para a elaboración dunha bolsa de empregados municipais interesados en formar parte das ditas Comisións de selección de beneficiarios do Plan Municipal de Emprego; razón pola que se procedeu á apertura dun prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do aviso na Intranet Municipal, para que todo aquel persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Vigo interesado en formar parte das ditas comisións, remitiran a súa solicitude por correo electrónico (util.oficina@vigo.org).

O anuncio inseriuse na Intranet municipal o pasado 8 de novembro, téndose achegado diversas solicitudes do persoal funcionario e laboral fixo do Concello de Vigo interesado en formar parte das ditas Comisións de selección de beneficiarios do Programa Vigo Emprega nos termos e condicións do disposto no artigo 60 do TREBEP, para comparecer a título individual e cumprindo cos requisitos esixidos de necesaria especialización para o desenvolvemento das súas labores de selección e pleno respecto aos principios de imparcialidade e profesionalidade.

Tras a realización do sorteo e de conformidade co anteriormente exposto, a teor do previsto no artigo 127.1.h) da LMMGL, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Tenente de Alcalde e Concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos da Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo", modificado o 6/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos



Concello de Vigo

concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020), modificado o 8/09/2022 , elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

- Aprobar as seguintes Comisións de Selección de beneficiarios/as do Plan Municipal de Emprego 2022 de conformidade coas bases reguladoras da convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14/10/2022 (BOP núm. 208 de 31/10/2022 e DOG núm. 214 de 10/11/2022):

1. Comisión 1: Selección de Capataces:

Presidenta:	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo
Suplente:	Javier Bea Puentes	Laboral	C1	Capataz
Secretaria:	Francisco J. Escudero González	Funcionario	C1	Administrativo
Suplente:	Lorena López Rodríguez	Funcionaria	A1	Técnica de Administración Xeral
Vogais:	Roberto Mariño Sanromán	Laboral	C1	Capataz
	José Antonio Pérez Rodríguez	Laboral	C1	Adxunto coordinador servizo
	José Antonio España Piñeiro	Funcionario	C1	Inspector de Medio Ambiente
Suplentes:	Alfonso Alonso Rodríguez	Funcionario	C1	Capataz
	Jose Felipe Codesido Rodríguez	Funcionario	C1	Encargado técnico
	Aránzazu González Soengas	Funcionaria	A2	Técnica de prevención de riscos laborais

2. Comisión 2: Selección de Oficiais de oficios

Presidenta:	Carla Candia Paz	Funcionaria	A1	Xefa de servizo
Suplente:	María José Armada Pereira	Laboral	C2	Oficial coidador de mantemento e control
Secretaria:	Lucía Trillo de Martín-Pinillos	Funcionaria	C1	Administrativa
Suplente:	M ^a Concepción Martínez-Murillo Campos	Funcionaria	C1	Técnica Administrativa
Vogais:	Juan Martínez García	Laboral	C2	Oficial mecánico
	Manuel Alonso Areses	Laboral	C2	Oficial mecánico
	Miguel Ángel Alonso Alonso	Laboral	C2	Axudante técnico
Suplentes:	Fidel Goberna Trigo	Laboral	C2	Oficial de oficios
	Juan Ramón López Rivera	Laboral	C2	Oficial pavimentador
	Jesús Carballo Margariños	Laboral	C2	Oficial condutor

3. Comisión 3: Selección de peóns:

Presidenta:	Rosa Otero Malvárez	Funcionaria	A2	Técnica de Xestión
Suplente:	Oscar Molaes Bargiela	Laboral	C2	Oficial condutor
Secretaria:	María Bilbao Echegaray	Funcionaria	C1	Administrativa
Suplente:	Lucía Trillo de Martín-Pinillos	Funcionaria	C1	Administrativa
Vogais:	Miriam Rodríguez Pérez	Funcionaria	E	Subalterna Ordenanza -Porteira
	David Graña Feijoo	Laboral	C2	Oficial condutor
	José Manuel Martínez Vieitez	Laboral	C2	Oficial albanel
Suplentes:	Francisco José García Soto	Laboral	C2	Oficial Mantemento
	Juan Ramón López Rivera	Laboral	C2	Oficial pavimentador
	Carlos Igrexas Martínez	Laboral	C2	Auxiliar de servizos internos/Auxiliar de arquivo

4. **Comisión 4: Selección de persoal técnico administrativo (Aux. Administrativo e Técnico FP Prevención de Riscos Laborais):**

Presidenta:	Rosa Otero Malvárez	Funcionaria	A2	Técnica de Xestión
Suplente:	Jose Felipe Codesido Rodríguez	Funcionario	C1	Encargado técnico
Secretaria:	Marta del Castillo Fernández Pacheco	Laboral	C1	Administrativa
Suplente:	Iolanda Alonso Regueiro	Funcionaria	C1	Administrativa
Vogais:	Sarai Noa Aguirre Lamparte	Funcionaria	A2	Arquitecta técnica
	Mª Dolores Vietes Alen	Funcionaria	A2	Adxunta dirección de ingresos.
	Mª Isabel Cabeza Pereiro	Funcionaria	A2	Técnica de prevención de riscos laborais
Suplentes:	Cristina Tapias Bouso	Funcionaria	A1	Enxeñeira industrial
	Aránzazu González Soengas	Funcionaria	A2	Técnica de prevención de riscos laborais
	Concepción Amboage García	Funcionaria	A2	Traballadora social

- Os membros das Comisións de selección de persoal beneficiario do Plan Municipal de Emprego 2022, percibirán as asistencias establecidas pola súa participación en tribunais de selección de persoal, na contía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal, cun número máximo de dezaioito (18) sesións - 3 para Capataces, 6 para Peóns, 3 para Persoal técnico-administrativo e 6 para Oficiais –, cun gasto estimado de 6.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2330000 de “Dietas de Tribunais”, e financiar o gasto con cargo á bolsa de vinculación no exercicio 2023, o que non altera o normal funcionamento do servizo.

- As Comisións de selección nomeadas no presente acordo, para a selección de beneficiarios/as do Plan municipal de emprego 2022, iniciarán as súas funcións coa realización da proba escrita e posteriormente das probas prácticas aos candidatos e candidatas remitidos polo Servizo Público de Emprego que superen os baremos mínimos aprobados pola Xunta de Goberno Local en data 14 de outubro de 2022, conforme ás “BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2022”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

9(991).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS. EXPTE. 10873/320.

Visto o informe xurídico do 17/11/2022 e o informe de fiscalización do 18/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 11/11/2022, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a concelleira-delegada de Área, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Mediante resolución do 6/10/2022, o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, resolveu iniciar o expediente de contratación do SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato, asinado pola Técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas e polo Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda en data 6/10/2022.
- b) Memoria económica do contrato corrixida en data 17/10/2022, asinada pola Técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas e polo Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda
- c) Documento contable de retención de crédito de 17/10/2022 (RCFUT núm. operación: 202200105168)
- d) Declaración do redactor do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de xestión, de data 19/10/2022.
- e) Pregos de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 4/11/2022, asinado pola técnica de xestión e a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

- f) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas e polo Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda en data 7/11/2022.
- g) Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación, de data 10/11/2022.
- h) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 10/11/2022, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo", modificado o 6/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020), modificado o 8/09/2022. O Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas, en resolución de 3 de outubro de 2022 autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de xestión do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado abreviado.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorpora o certificado de existencia de crédito, documento que se ten incorporado polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

Sexto.- As técnicas que subscriben o informe declaran non estar incursas en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado por Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal de data 3 de marzo de 2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación.

Asemade, os concelleiros delegados de Participación Cidadá e Festas, e Orzamentos e



Concello de Vigo

Facenda subscriben declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da concellería delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e no Plan de Integridade na Contratación.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º. Aprobar o expediente de contratación (10873/320) por procedemento aberto simplificado abreviado do SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 4 de novembro de 2022, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 10 de novembro de 2022, que rexerán a contratación do SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓNS

3º . Aprobar o gasto de 21.199,55 € para a contratación do SERVIZO DE APOIO TÉCNICO PARA A REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DAS SUBVENCIÓNS con cargo a aplicación orzamentaria 9240 2279906 SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS, coa seguinte distribución de anualidades:

- 2022: 0,00 €
- 2023: 21.199,55 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(992).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS ÁS “BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE PROCESOS SELECTIVOS PARA A COBERTURA DAS PRAZAS VACANTES INCLUÍDAS NAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DOS ANOS 2017,2018 E 2019 (3ª FASE CONVOCATORIA). EXPTE. 38308/220.

Visto o informe de fiscalización do 15/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 11/11/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 11/08/2022, aprobou a convocatoria e bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019 (3ª fase), publicado no BOPPO nº 180 de 20/09/2022. As Bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de XGL de data 12/03/2020–BOPPO nº 128 de 07/07/2020.

II.- Constan presentadas no prazo outorgado as seguintes alegacións:

DATA	Nº DOC.	NOME E APELIDOS	ALEGACIÓN
02/09/22	220213917	O. EIRIZ BLANCO	Praza administrativa/o: 2º exercicio aclaración da correspondencia dos Temas coas partes do temario(xerais e específicos); 4º exercicio aclaración sobre a puntuación si 10 ou 2 puntos
02/10/22	220246536	A. B. ATIENZA ALONSO	
27/09/22	220241543	A. FERNÁNDEZ GIL	Praza subalterno: anulación ou corrección da convocatoria, revisión do 2º e 3º exercicio por non adecuarse ao nivel de estudos (desenvolvemento de 4 temas e suposto práctico de carácter procedemental facendo uso de textos legais) e aclaración sobre Temario xeral -que se cubran as prazas de diversidade funcional en caso de quedar vacantes.
28/09/22	220242043	A. VILLAR SÁNCHEZ	
	220242122	R. CONDE MIGUÉLEZ	
29/09/22	220243821	J. TATO PÉREZ	
	220240859	A. ROCA BARCIA	
	220243830	M. CID RODRÍGUEZ	
27/09/22	220240794	LIMPEZA	Praza de Capataz de limpeza: Revisión e actualización de lei derogada (Lei 22/2011 de residuos e chans contaminados derogada pola lei 7/2022 de residuos e chans contaminados para unha economía circular.)
27/09/22	220240529	CIG	Praza Axudantes: que se incorporen 2 na oferta de estabilización. Praza de Oficiais de mantemento: que se incorporen 3 na OEP
29/09/22	220244306	M. PÉREZ MARTÍNEZ	Praza técnico superior de arquivos: rectificación do requisito da titulación grao en Ciencias Sociais ou Humanidades con formación específica en biblioteconomía ou arquivo establecendo a posesión da "titulación da rama de artes e humanidades ou da rama de ciencias sociais e xurídicas"
30/09/22	220245424	UGT - EREA MARTÍNEZ RAMOS	Praza Diplomado traballo social: solicita revisión e actualización da lexislación derogada do temario.



Concello de Vigo

DATA	Nº DOC.	NOME E APELIDOS	ALEGACIÓN
17/10/22	220257411	J. V. SUÁREZ REFOYO	Praza Técnico Superior de Arquivos: 1º Exercicio solicita que se determinen como temas obxecto de exposición os expresamente previstos no temario.

III.- Constan presentadas extemporaneamente as seguintes alegacións:

DATA	Nº DOC.	NOME E APELIDOS	ALEGACIÓN
21/10/22	220263180	SICO	Praza Técnico/a Superior de Arquivos: se incorpore o Grao en biblioteconomía e documentación o equivalente. Praza Auxiliar Administración xeral P.I.: Se incorpore un exercicio de coñecemento de informática. Praza Subalterna/o: eliminación do 2º exercicio desenvolvemento de 4 temas en dúas horas.
25/10/22	220266097	CIG	Inclusión das prazas de axudantes de oficios.

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

I.- Constitución española

II.- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

III.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

IV.- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, Texto Refundido del Estatuto Básico do Emprego Público.

V.- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública.

VI.- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

VII.- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración local.

VIII.- Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

IX.- Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Corrección de erros.-

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

No acordo de Xunta de Goberno Local de data 11/08/2022, que aproba a convocatoria e bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019 (3ª fase), publicado no BOPPO nº 180 de 20/09/2022, detectáronse a instancia de parte os seguintes erros que deben ser corrixidos.

- Na **praza de ADMINISTRATIVA/O DE ADMINISTRACIÓN XERAL**: En relación á praza de ADMINISTRATIVA/O de Administración xeral por quenda libre no punto V.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN PARA QUENDA LIBRE:

1.- Onde di "**Segundo exercicio**.- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de dúas horas, 4 temas elixidos ao chou, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado do temas "A) Temas xerais" e o resto ao apartado "B) Temas específicos"" debe dicir "**Segundo exercicio**.- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de dúas horas, 4 temas elixidos ao chou, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá a Primeira parte: dereito político e constitucional e os outros 3 a Segunda parte: Dereito administrativo e Terceira parte: Administración local" do Programa específico.

2.- Onde di "A cualificación dos tres primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do cuarto será de 0 a 2 puntos, de acordo co previsto na base décima das xerais." debe dicir "A cualificación dos catro primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do quinto será de 0 a 2 puntos, de acordo co previsto na base décima das xerais."

- En relación á praza de **AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL**, no punto V.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN PARA PROMOCIÓN INTERNA:

Incluír **Terceiro exercicio**.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario/a de contornos operativos Windows, Linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (Open Office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección. Esta proba cualificarase de conformidade cun baremo obxectivo que estableza o órgano de selección antes de iniciarse o exercicio, que deberá comunicárselles ós/as aspirantes no momento de comezar a proba e incluírse na correspondente acta.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.



Concello de Vigo

O terceiro exercicio coñecemento do idioma galego, pasará a denominarse “cuarto exercicio”

- En relación á praza de **SUBALTERNA/O**:

No punto V.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN, deberá eliminarse o exercicio terceiro por non ser congruente co nivel de dificultade esixido e modificar o **segundo exercicio práctico**, de xeito que quede redactado da seguinte forma. **De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio** que consistirá na resolución de dous supostos prácticos, determinados polo órgano de selección inmediatamente antes da súa realización, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza, nun tempo máximo dunha hora e media. Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. Así mesmo o exercicio cuarto pasara de denominarse terceiro.

- En relación á praza de **CAPATAZ DE LIMPEZA** no punto VI.- PROGRAMA ESPECÍFICO substituír no Tema 1 a Lei 22/2011 de residuos e chans contaminados, de 28 de xullo (actualmente derogada) pola Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

- En relación á praza de **DIPLOMADA/O EN TRABALLO SOCIAL** substitúese o temario o apartado B) no punto VI – PROGRAMA ESPECÍFICO polo seguinte temario actualizado:

Tema 1.—Historia e evolución do sistema de protección social en España. Estratificación, clases sociais e a súa evolución. Consecuencias sociais. Pobreza e desigualdade.

Tema 2.—Política Social e Estado de Benestar: tipoloxías de política social, modelos do Estado de Benestar e prantexamentos actuais. Servizos Sociais nos modelos actuais de benestar social.

Tema 3.—A Política Social no marco da Unión Europea:Sistema de servizos sociais nos países da UE e comparación cos servizos sociais de España. Concepto, eixes e medidas financiadas polo Fondo Social Europeo.

Tema 4.—Marco legal dos servizos sociais. A Constitución española, o Estatuto de Autonomía, a Lei de Bases de Réxime Local.

Tema 5.—Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia: Disposicións xerais. Estrutura do Sistema Galego de Servizos Sociais. Catalogo de Servizos Sociais. Atribución de competencias. Calidade no Sistema Galego de Servizos Sociais.

Tema 6.—Os Servizos Sociais Comunitarios: normativa reguladora,características, funcións e programas. Servizos sociais especializados: normativa

reguladora, características e funcións. Continuidade dos niveis de actuación social. Coordinación entre os dous niveis

Tema 7.—Historia Social Única. Normativa e disposicións xerais. Acceso e uso da información contida na Hª Social. Réxime sancionador.

Tema 8.—Fundamentos, principios e funcións básicas do traballo social. O traballo social no conxunto das ciencias sociais. Código Deontolóxico. Bioética.

Tema 9.—Plantexamentos metodolóxicos actuais do traballo social. Modelos máis usados no traballo social. Modelo sistémico

Tema 10.—Programación e planificación en traballo social.

Tema 11.—A avaliación dos programas e proxectos sociais no marco da atención social comunitaria. Obxectivos, métodos, técnicas e indicadores .

Tema 12.—Os sistemas de información ao servizo da atención social. Novas tecnoloxías da información aplicadas ao traballo social. Protección de datos nos servizos sociais.

Tema 13.—Técnicas e instrumentos para a intervención en traballo social. Técnicas aplicábeis no nivel individualizado, grupal e comunitario.

Tema 14.—A investigación social cuantitativa e cualitativa. Técnicas e aplicacións en traballo social.

Tema 15.—As necesidades sociais: concepto, características e tipoloxía. Evolución e situación actual.

Tema 16.—A Seguridade Social en España. Principais características. Dimensión, financiamento, problemas actuais e liñas de reforma.

Tema 17.—Prestacións contributivas e non contributivas da Seguridade Social. Requisitos e importes.

Tema 18.—Políticas públicas de emprego. O emprego como factor social de inclusión. Protección por desemprego. Prestacións no nivel contributivo e asistencial Réxime das prestacións. Emprego Social protexido. Empresas de inserción.

Tema 19.—Políticas de igualdade entre homes e mulleres. Normativa reguladora estatal, autonómica e local. Estratexias contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

Tema 20.—Mulleres en situación de dificultade social. Programas, servizos e recursos no ámbito autonómico e local. Protocolo de actuación en situacións de violencia de xénero.

Tema 21.—Dependencia e Sistema Público de Servizos Sociais. A Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. O Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. Obxecto, finalidade, órganos do Sistema, catálogo de prestacións e servizos e niveis de protección.

Tema 22.—A atención á dependencia na CC.AA galega. Normativa pola que se regula o procedemento para o recoñecemento da dependencia e do dereito ás



Concello de Vigo

prestacións do sistema de dependencia .Catálogo de prestacións e servizos para a dependencia na comunidade autónoma.

Tema 23.—As persoas maiores. Concepto e características. Aspectos físicos, psicolóxicos e sociais do avellentamento. Novos roles da persoa maior na nosa sociedade. Programas actuacións e recursos autonómicos e municipais do Concello de Vigo para o avellentamento activo e prevención da dependencia.

Tema 24.—O servizo de Axuda no Fogar. Normativa, coordinación e funcionamento a nivel autonómico e local. Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Vigo.

Tema 25.—Marco normativo en materia de infancia e familia. Da Declaración de Dereitos Humanos ata hoxe. Evolución e cambios na sociedade.

Tema 26.—A familia e os menores:A familia como espazo de intervención social Aspectos psicosociais da infancia. Intervencións en situacións de desprotección infantil. Mediación familiar. Recursos autonómicos. Programa socioeducativo de apoio ás familias do Concello de Vigo.

Tema 27.—As persoas sen fogar. Características. Factores físicos, psicolóxicos e sociais Situación en Galicia Programas de atención ás persoas sen fogar a nivel autonómico e local. Coordinación de recursos.

Tema 28.—Adolescencia e xuventude, aspectos psicolóxicos e sociais. Actuación do traballador social. Programas e servizos a nivel autonómico e local na atención da a adolescencia e á xuventude .

Tema 29.—A intervención dos servizos sociais en situacións de urxencia e emerxencia social.

Tema 30.—A vivenda como factor de inclusión social. Situación actual, desafuzamentos e as súas consecuencias a nivel familiar e social. Políticas Públicas de vivenda, recursos estatais, autonómicos e locais neste eido.

Tema 31.—Adiccións. Conceptos básicos. Clasificación. Lexislación e marco institucional. Novas adiccións Estratexia nacional sobre drogas. Plan de trastornos adictivos de Galicia. Plan local de drogodependencias e outras adiccións de Vigo. Programas municipais cara á prevención.

Tema 32.—Alcoholismo. Aspectos etiolóxicos e clínicos. Avaliación, diagnóstico e tratamento. O traballo social nos programas de prevención e seguimento do alcoholismo. Programas autonómicos.

Tema 33.—Discapacidade: concepto e evolución .Marco xurídico. Persoas con discapacidade física, intelectual, sensorial e por enfermidade mental. Aspectos físicos, psíquicos e sociais e legais.

Tema 34.—A intervención con persoas con discapacidade. Recoñecemento de grao. Prestacións. Recursos e programas de atención autonómicos e locais. Emprego e persoas con discapacidade.

Tema 35.—Procesos sobre a capacidade das persoas, medidas preventivas e ingresos involuntarios. Marco xurídico. Protocolos de procedemento na comunidade autónoma de Galicia

Tema 36.—Políticas de integración e intervención social coa poboación inmigrante e refuxiada. Marco xurídico e distribución competencial interadministrativa Aspectos sociodemográficos dos movementos migratorios. Servizos e recursos específicos do concello de Vigo.

Tema 37.—A promoción da iniciativa social. As organizacións non gubernamentais e o seu papel na acción social.. O voluntariado social. Concepto. Función do voluntariado no Sistema de Servizos Sociais.

Tema 38.—Estratexias de loita contra a pobreza, desigualdade e exclusión social. Pobreza enerxética Renda de integración social de Galicia. Concepto, características e requisitos. Programas de intervención social. Itinerarios de incorporación socio laboral.

Tema 39.—Programa de traballo social de zona. Información orientación e valoración. Método e intervención en traballo social Niveis de intervención e técnicas e instrumentos utilizados

Tema 40.—Organización dos Servizos Sociais Comunitarios básicos e específicos no Concello de Vigo. Programas, servizos e prestacións.

Tema 41.—Traballo social comunitario. Definición de comunidade, e variables a ter en conta para coñecela. Concepto de traballo social comunitario e obxectivos. Traballo en rede Aplicación aos servizos sociais comunitarios.

Tema 42.—Modelos de desenvolvemento dunha comunidade. Fases de cada un deles e elementos diferenciadores. Técnicas grupais utilizadas no traballo social comunitario.

Tema 43.—Traballo social de grupo: Definición, obxectivos e finalidades do grupo. Criterios organizativos para os grupos. Procesos e fenómenos do grupo. Función do/a traballador/a social no grupo.

Tema 44.—A entrevista individual/familiar aplicada ao traballo social. A entrevista no contexto da atención social primaria e a atención social especializada.

Tema 45.—A Historia social como soporte documental na intervención social individual e familiar do/a traballador/a social. Estrutura e contidos fundamentais.

Tema 46.—O informe social como instrumento técnico do/a traballador/a social. Concepto, estrutura e contidos fundamentais.

Tema 47.—O equipo interdisciplinar. Técnicas de traballo en equipo. Traballo social e outras profesións relacionadas coa atención social: educador/a social, psicólogo/a, pedagogo/a, terapeutas ocupacionais, mediadores/as sociais, avogados/as nos servizos sociais Técnicas de preparación e desenvolvemento de reunións.

Tema 48-Calidade nos Servizos Públicos: As cartas d servizos como instrumentos de calidade no ámbito dos Servizos Sociais autonómicos e locais.

II.- Alegacións relativas ás prazas de AXUDANTE DE OFICIOS e OFICIAIS DE MANTEMENTO.-

Con respecto a inclusión das prazas de **axudantes de oficios** na Oferta de Emprego de Estabilización, indicar que a dita oferta tramitouse en expediente separado aprobándose a



Concello de Vigo

mesma por acordo de Xunta de Goberno Local de data 31/05/2022 (BOPPO nº 103 de 31/05/2022), cuxas alegacións foron resoltas por acordo de XGL de 15/09/2022 (BOPPO nº 183 de 23/09/2022).

Non procede a inclusión de estas prazas nesta oferta de emprego toda vez que a Lei 20/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, no artigo 2.1. segundo parágrafo determina que: *"Sin perjuicio de lo que establece la disposición transitoria primera, las plazas afectadas por los procesos de estabilización previstos en los artículos 19.Uno.6 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017, y 19.Uno.9 de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018, serán incluidas dentro del proceso de estabilización descrito en el párrafo anterior, siempre que hubieran estado incluidas en las correspondientes ofertas de empleo público de estabilización y llegada la fecha de entrada en vigor de la presente Ley, no hubieran sido convocadas, o habiendo sido convocadas y resueltas, hayan quedado sin cubrir"*.

En canto as prazas de **oficial de mantemento**, compróbase que logo da resolución das alegacións á oferta de estabilización (posteriores ao acordo de Xunta de goberno local que aproba as bases específicas da OEP 2017, 2018, 2019 3ª fase), foron modificadas o número de prazas de oficial de mantemento, pasando das 7 prazas que incluían inicialmente a 3. As prazas de oficial de mantemento incluídas na OEP 2019, foron eliminadas das bases específicas da OEP 2017, 2018, 2019, por estar inicialmente incluídas na estabilización, sendo eliminadas da oferta de emprego para estabilización do emprego temporal, deben de ser convocadas, polo que procede a inclusión das mesmas.

III.- Alegacións referentes á praza de Técnico Superior de Arquivos.-

Polo que respecta á **titulación**: Entre os principios constitucionais de acceso ao emprego público o art. 103.3 da Constitución española recoñece, entre outros, o principio de capacidade. Tal principio se concreta no ordenamento xurídico mediante un sistema de titulacións académicas que confire aos aspirantes un dos requisitos para acceder ao emprego público.

Ten que partirse do disposto no art. 3.1 del RDLex 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que determina que:

"El personal funcionario de las Entidades Locales se rige por la legislación básica estatal que resulta de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local."

No ámbito local é preciso ter en conta o art. 90.2 LRBRL que obriga a formar *"la relación de todos los puestos de trabajo existentes en su organización, en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública"*. Neste senso o art. 74 TREBEP establece que *"las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos"*. Polo tanto, a exixencia dunha determinada titulación debe ser acorde coa relación de postos de traballo -RPT- ou instrumento organizativo similar de cada administración. As titulacións exhibibles para cada posto deberán establecerse na

RPT. Así debe indicarse que a titulación necesaria para o acceso a un emprego público debe ser congruente coas funcións a desenvolver, polo que a hora da redacción das bases a Administración Pública non é libre para admitir unha titulación calquera cando o posto require unha particular preparación, senón que debe, por imperativo do artigo 103.1 de la CE e de consecución do interese xeral, cubrir dicho posto coa persoa tecnicamente máis cualificada para su desempeño".

Non procede a rectificación do requisito da titulación, xa que aínda que a lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, na súa disposición adicional novena, prevé as Escalas e especialidades dos corpos de Administración especial da Administración xeral da Comunidad Autónoma de Galicia, e para a escala de facultativos de arquivo, contempla a titulación de licenciado ou graduado na titulación da rama de artes e humanidades ou da rama de ciencias sociais e jurídicas. No caso que nos ocupa a titulación requirida segundo as bases se corresponde coa prevista na Relación de Postos de Trabajo (BOPPO de 7 de xuño de 2017) vixente no momento de aprobación de acto administrativo polo que se aproban as bases específicas da convocatoria que require ademais da referida titulación, a formación específica en biblioteconomía e arquivo.

Polo que respecta a que se determinen como temas obxecto de exposición os previstos no temario, indicar que o órgano de selección ten que aplicar e interpretar as bases de conformidade coa normativa de aplicación e a existencia dun tema de composición non é incompatible coa formulación do mesmo segundo os enunciados e contido do temario o programa.

IV.- Cobertura das prazas reservadas a persoas con diversidade funcional en caso de quedar vacantes.-

O Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, mantén o cupo non inferior ao 5% das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade, e se posibilita a convocatoria das mesmas ben coas demais prazas ordinarias ben mediante unha convocatoria en queda independente para esas persoas. O referido Real Decreto introduce unha norma excepcional ao dispoñer que: "*Si las plazas reservadas y que han sido cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzaran la tasa del tres por ciento de las plazas convocadas, las plazas no cubiertas se acumularán al cupo del cinco por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del 10 por ciento.*" No caso das probas selectivas para a quenda de promoción interna a corpos, esclaas e cateogías da Administración xeral do Estado, "las plazas reservadas que queden desertas se acumularán as de quenda ordinario de promoción interna." (artigo 5.2)

O artigo 48 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia:

"2. En las ofertas de empleo público se reservará un porcentaje no inferior al siete por ciento de las plazas convocadas para ser cubiertas entre personas con discapacidad, siempre que superen las pruebas selectivas y acrediten su discapacidad y la compatibilidad de esta con el desempeño de las tareas y funciones, de forma que progresivamente se alcance el dos por ciento de los efectivos totales de cada Administración pública incluida en el ámbito de aplicación de la presente ley. La reserva del mínimo del siete por ciento se realizará de manera que, al menos el dos por ciento de las plazas ofertadas lo sea para ser cubiertas por personas que acrediten discapacidad



Concello de Vigo

intelectual, y el resto de las plazas ofertadas lo sea para personas que acrediten cualquier otro tipo de discapacidad.

La reserva se hará sobre el número total de las plazas incluidas en la respectiva oferta de empleo público, pudiendo concentrarse las plazas reservadas para personas con discapacidad en aquellas convocatorias que se refieran a cuerpos, escalas o categorías que se adapten mejor a las peculiaridades de las personas con discapacidad. Cuando de la aplicación de los porcentajes resulten fracciones decimales, se redondearán por exceso para su cómputo. Si las plazas reservadas y que fueron cubiertas por las personas con discapacidad no alcanzasen el porcentaje del tres por ciento de las plazas convocadas en la correspondiente oferta de empleo público, las plazas no cubiertas del número total de las reservadas se acumularán al porcentaje del siete por ciento de la oferta siguiente, con un límite máximo del doce por ciento...

Polo tanto a acumulación das prazas vacantes ao número das libres está prevista, pero limitada aos casos contemplados, polo que será unha vez celebrados os procesos selectivos cando de cumprirse o porcentaxe establecido, poda acordarse ou non a acumulación.

V.- Sometemento a fiscalización.- O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

"1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."*

VI.- Competencia: O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias das ofertas de emprego público e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1., apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, e á vista do exposto; coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO: Desestimar, en base aos fundamentos de este informe, as seguintes alegacións:

DATA	Nº DOC.	NOME E APELIDOS	ALEGACIÓN
27/09/22 29/09/22	220240859 220243830	A. ROCA BARCIA M. CID RODRÍGUEZ	-que se cubran as prazas de diversidade funcional en caso de quedar vacantes.
29/09/22	220244306	M. PÉREZ MARTÍNEZ	Praza técnico superior de arquivos: rectificación do requisito da titulación grao en Ciencias Sociais ou Humanidades con formación específica en biblioteconomía ou arquivo establecendo a posesión da "titulación da rama de artes e humanidades ou da rama de ciencias sociais e xurídicas"
17/10/22	220257411	J. V. SUÁREZ REFOYO	Praza Técnico Superior de Arquivos: 1º Exercicio solicita que se determinen como temas obxecto de exposición os expresamente previstos no temario.

SEGUNDO: Rectificar en base ao informe que antecede, o acordo de Xunta de Goberno Local de data 11 de agosto de 2022, polo que se aprobou a convocatoria e bases específicas dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019 (publicado no BOPPO nº 180 de data 20/09/2022) no seguintes puntos:

- Na **praza de ADMINISTRATIVA/O DE ADMINISTRACIÓN XERAL:** En relación á praza de ADMINISTRATIVA/O de Administración xeral por quenda libre no punto V.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN PARA QUENDA LIBRE:

1.- onde di "**Segundo exercicio.**- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de dúas horas, 4 temas elixidos ao chou, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá ao primeiro apartado do temas "A) Temas xerais" e o resto ao apartado "B) Temas específicos"" debe dicir "**Segundo exercicio.**- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en desenvolver por escrito, durante un período máximo de dúas horas, 4 temas elixidos ao chou, dos que figuran como anexo a estas bases. Un destes temas corresponderá a Primeira parte: dereito político e constitucional e os outros 3 a Segunda parte: Dereito administrativo e Terceira parte: Administración local" do Programa específico.

2.- Onde dí "A cualificación dos tres primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada un deles. A cualificación do cuarto será de 0 a 2 puntos, de acordo co previsto na base décima das xerais." debe dicir "A cualificación dos catro primeiros exercicios será de 0 a 10 puntos e quedará eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5



Concello de Vigo

puntos en cada un deles. A cualificación do quinto será de 0 a 2 puntos, de acordo co previsto na base décima das xerais.”

- En relación á praza de **AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL**, no punto V.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN PARA PROMOCIÓN INTERNA:

Incluír **Terceiro exercicio**.- De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario/a de contornos operativos Windows, Linux ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (Open Office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o órgano de selección. Esta proba cualificarase de conformidade cun baremo obxectivo que estableza o órgano de selección antes de iniciarse o exercicio, que deberá comunicárselles ós/as aspirantes no momento de comezar a proba e incluírse na correspondente acta.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

O terceiro exercicio coñecemento do idioma galego, pasará a denominarse “cuarto exercicio”

- En relación á praza de **SUBALTERNA/O**:

No punto V.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN, deberá eliminarse o exercicio terceiro por non ser congruente co nivel de dificultade esixido e modificar o **segundo exercicio práctico**, de xeito que quede redactado da seguinte forma. **De carácter igualmente obrigatorio e eliminatorio** que consistirá na resolución de dous supostos prácticos, determinados polo órgano de selección inmediatamente antes da súa realización, relacionados co contido do temario específico, relativos as tarefas propias da praza, nun tempo máximo dunha hora e media. Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. Así mesmo o exercicio cuarto pasara de denominarse terceiro.

- En relación á praza de **CAPATAZ DE LIMPEZA** no punto VI.- PROGRAMA ESPECÍFICO substituír no Tema 1 a Lei 22/2011 de residuos e chans contaminados, de 28 de xullo (actualmente derogada) pola Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

- En relación á praza de **DIPLOMADA/O EN TRABALLO SOCIAL** substitúese o temario o apartado B) no punto VI – PROGRAMA ESPECÍFICO polo seguinte temario actualizado:

Tema 1.—Historia e evolución do sistema de protección social en España. Estratificación, clases sociais e a súa evolución. Consecuencias sociais. Pobreza e desigualdade.

Tema 2.—Política Social e Estado de Benestar: tipoloxías de política social, modelos do Estado de Benestar e prantexamentos actuais. Servizos Sociais nos modelos actuais de benestar social.

Tema 3.—A Política Social no marco da Unión Europea: Sistema de servizos sociais nos países da UE e comparación cos servizos sociais de España. Concepto, eixes e medidas financiadas polo Fondo Social Europeo.

Tema 4.—Marco legal dos servizos sociais. A Constitución española, o Estatuto de Autonomía, a Lei de Bases de Réxime Local.

Tema 5.—Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia: Disposicións xerais. Estrutura do Sistema Galego de Servizos Sociais. Catalogo de Servizos Sociais. Atribución de competencias. Calidade no Sistema Galego de Servizos Sociais.

Tema 6.—Os Servizos Sociais Comunitarios: normativa reguladora, características, funcións e programas. Servizos sociais especializados: normativa reguladora, características e funcións. Continuidade dos niveis de actuación social. Coordinación entre os dous niveis

Tema 7.—Historia Social Única. Normativa e disposicións xerais. Acceso e uso da información contida na Hª Social. Réxime sancionador.

Tema 8.—Fundamentos, principios e funcións básicas do traballo social. O traballo social no conxunto das ciencias sociais. Código Deontolóxico. Bioética.

Tema 9.—Plantexamentos metodolóxicos actuais do traballo social. Modelos máis usados no traballo social. Modelo sistémico

Tema 10.—Programación e planificación en traballo social.

Tema 11.—A avaliación dos programas e proxectos sociais no marco da atención social comunitaria. Obxectivos, métodos, técnicas e indicadores .

Tema 12.—Os sistemas de información ao servizo da atención social. Novas tecnoloxías da información aplicadas ao traballo social. Protección de datos nos servizos sociais.

Tema 13.—Técnicas e instrumentos para a intervención en traballo social. Técnicas aplicábeis no nivel individualizado, grupal e comunitario.

Tema 14.—A investigación social cuantitativa e cualitativa. Técnicas e aplicacións en traballo social.

Tema 15.—As necesidades sociais: concepto, características e tipoloxía. Evolución e situación actual.

Tema 16.—A Seguridade Social en España. Principais características. Dimensión, financiamento, problemas actuais e liñas de reforma.

Tema 17.—Prestacións contributivas e non contributivas da Seguridade Social. Requisitos e importes.

Tema 18.—Políticas públicas de emprego. O emprego como factor social de inclusión. Protección por desemprego. Prestacións no nivel contributivo e asistencial Réxime das prestacións. Emprego Social protexido. Empresas de inserción.



Concello de Vigo

Tema 19.—Políticas de igualdade entre homes e mulleres. Normativa reguladora estatal, autonómica e local. Estratexias contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

Tema 20.—Mulleres en situación de dificultade social. Programas, servizos e recursos no ámbito autonómico e local. Protocolo de actuación en situacións de violencia de xénero.

Tema 21.—Dependencia e Sistema Público de Servizos Sociais. A Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia. O Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. Obxecto, finalidade, órganos do Sistema, catálogo de prestacións e servizos e niveis de protección.

Tema 22.—A atención á dependencia na CC.AA galega. Normativa pola que se regula o procedemento para o recoñecemento da dependencia e do dereito ás prestacións do sistema de dependencia. Catálogo de prestacións e servizos para a dependencia na comunidade autónoma.

Tema 23.—As persoas maiores. Concepto e características. Aspectos físicos, psicolóxicos e sociais do avellentamento. Novos roles da persoa maior na nosa sociedade. Programas actuacións e recursos autonómicos e municipais do Concello de Vigo para o avellentamento activo e prevención da dependencia.

Tema 24.—O servizo de Axuda no Fogar. Normativa, coordinación e funcionamento a nivel autonómico e local. Regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Vigo.

Tema 25.—Marco normativo en materia de infancia e familia. Da Declaración de Dereitos Humanos ata hoxe. Evolución e cambios na sociedade.

Tema 26.—A familia e os menores: A familia como espazo de intervención social Aspectos psicosociais da infancia. Intervencións en situacións de desprotección infantil. Mediación familiar. Recursos autonómicos. Programa socioeducativo de apoio ás familias do Concello de Vigo.

Tema 27.—As persoas sen fogar. Características. Factores físicos, psicolóxicos e sociais Situación en Galicia Programas de atención ás persoas sen fogar a nivel autonómico e local. Coordinación de recursos.

Tema 28.—Adolescencia e xuventude, aspectos psicolóxicos e sociais. Actuación do traballador social. Programas e servizos a nivel autonómico e local na atención da a adolescencia e á xuventude .

Tema 29.—A intervención dos servizos sociais en situacións de urxencia e emerxencia social.

Tema 30.—A vivenda como factor de inclusión social. Situación actual, desafuzamentos e as súas consecuencias a nivel familiar e social. Políticas Públicas de vivenda, recursos estatais, autonómicos e locais neste eido.

Tema 31.—Adiccións. Conceptos básicos. Clasificación. Lexislación e marco institucional. Novas adiccións Estratexia nacional sobre drogas. Plan de trastornos adictivos de Galicia. Plan local de drogodependencias e outras adiccións de Vigo. Programas municipais cara á prevención.

Tema 32.—Alcoholismo. Aspectos etiolóxicos e clínicos. Avaliación, diagnóstico e tratamento. O traballo social nos programas de prevención e seguimento do alcoholismo. Programas autonómicos.

Tema 33.—Discapacidade: concepto e evolución .Marco xurídico. Persoas con discapacidade física, intelectual, sensorial e por enfermidade mental. Aspectos físicos, psíquicos e sociais e legais.

Tema 34.—A intervención con persoas con discapacidade. Recoñecemento de grao. Prestacións. Recursos e programas de atención autonómicos e locais. Emprego e persoas con discapacidade.

Tema 35.—Procesos sobre a capacidade das persoas, medidas preventivas e ingresos involuntarios. Marco xurídico. Protocolos de procedemento na comunidade autónoma de Galicia

Tema 36.—Políticas de integración e intervención social coa poboación inmigrante e refuxiada. Marco xurídico e distribución competencial interadministrativa Aspectos sociodemográficos dos movementos migratorios. Servizos e recursos específicos do concello de Vigo.

Tema 37.—A promoción da iniciativa social. As organizacións non gubernamentais e o seu papel na acción social.. O voluntariado social. Concepto. Función do voluntariado no Sistema de Servizos Sociais.

Tema 38.—Estratexias de loita contra a pobreza, desigualdade e exclusión social. Pobreza enerxética Renda de integración social de Galicia. Concepto, características e requisitos. Programas de intervención social. Itinerarios de incorporación socio laboral.

Tema 39.—Programa de traballo social de zona. Información orientación e valoración. Método e intervención en traballo social Niveis de intervención e técnicas e instrumentos utilizados

Tema 40.—Organización dos Servizos Sociais Comunitarios básicos e específicos no Concello de Vigo. Programas, servizos e prestacións.

Tema 41.—Traballo social comunitario. Definición de comunidade, e variables a ter en conta para coñecela. Concepto de traballo social comunitario e obxectivos. Traballo en rede Aplicación aos servizos sociais comunitarios.

Tema 42.—Modelos de desenvolvemento dunha comunidade. Fases de cada un deles e elementos diferenciadores. Técnicas grupais utilizadas no traballo social comunitario.

Tema 43.—Traballo social de grupo: Definición, obxectivos e finalidades do grupo. Criterios organizativos para os grupos. Procesos e fenómenos do grupo. Función do/a traballador/a social no grupo.

Tema 44.—A entrevista individual/familiar aplicada ao traballo social. A entrevista no contexto da atención social primaria e a atención social especializada.

Tema 45.—A Historia social como soporte documental na intervención social individual e familiar do/a traballador/a social. Estrutura e contidos fundamentais.

Tema 46.—O informe social como instrumento técnico do/a traballador/a social. Concepto, estrutura e contidos fundamentais.



Concello de Vigo

Tema 47.—O equipo interdisciplinar. Técnicas de traballo en equipo. Traballo social e outras profesións relacionadas coa atención social: educador/a social, psicólogo/a, pedagogo/a, terapeutas ocupacionais, mediadores/as sociais, avogados/as nos servizos sociais Técnicas de preparación e desenvolvemento de reunións.

Tema 48-Calidade nos Servizos Públicos: As cartas d servizos como instrumentos de calidade no ámbito dos Servizos Sociais autonómicos e locais.

TERCEIRO.- Incluír na convocatoria das bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público de Vigo 2017, 2018, 2019 (3ª fase) as prazas de oficial de mantemento (OEP 2019), nos termos xurídico-proposta de acordo que antecede e contidas no ANEXO I do presente acordo, do cal forma parte inseparable.

CUARTO.- Notificar aos alegantes a desestimación ou estimación dos escritos presentados en base aos fundamentos incluídos neste informe e ordenar a realización das publicacións oficiais que correspondan, dispoñendo a súa inserción na web municipal www.vigo.org e na Intranet Municipal aos efectos do seu público coñecemento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

OFICIAIS DE MANTEMENTO

I.- NUMERO DE PRAZAS: 3 (quenda libre, unha delas reservada para discapacitados/as)

II.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS: En réxime laboral, equiparada ao subgrupo C2 para os efectos de titulación. Estará dotada coas retribucións básicas correspondentes ao subgrupo C2 e as complementarias propias do posto de traballo ao que se adscriba as praza. Figurará incluída no réxime de dedicación exclusiva.

III.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Establécese o de oposición libre de conformidade co previsto nestas bases específicas e o establecido nas bases xerais das convocatorias derivadas das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019

IV.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES :Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente, de conformidade co disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais

V.- EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Primeiro exercicio.—De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos as/os aspirantes.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estime o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 30 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias contidas no temario que figura como anexo a estas bases; cuestionario determinado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada; non se puntuarán as non contestadas.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos

Segundo exercicio.—Práctico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar as tarefas que proporá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo que establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que o non superalo, non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba oral e/ou escrita de coñecemento da lingua galega, que se realizará conforme ao previsto na base 10ª das xerais que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de lingua galega que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) co fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten no prazo regulamentario de presentación de instancias, posuír o título CELGA 3 ou equivalente homologado, segundo o establecido na disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación co seu anexo I, punto 5, aos que se lle asignarán 2 puntos.



Concello de Vigo

A cualificación de cada exercicio e a final farase de conformidade co previsto na base 10ª das xerais.

VI- PROGRAMA ESPECÍFICO

(OS CATRO PRIMEIROS TEMAS SON OS QUE FIGURAN COMO ANEXO NAS BASES XERAIS PARA O SUBGRUPO C2)

B) TEMARIO ESPECÍFICO

Tema 1: Tarefas de albanería: Áridos. Ladrillos, tabiques, revestementos, alicatados, pavimentos. Definición e tipos

Tema 2: Humidades e filtracións. Tarefas de prevención e reparación.

Tema 3: Útiles e ferramentas manuais de albanería.

Tema 4: Carpintería madeira. Aglomerados tipos e reparacións.

Tema 5: Carpintería madeira. Reparacións e vernices.

Tema 6: Carpintería metálica vidros: Reparacións, útiles e ferramentas manuais e eléctricas.

Tema 7: Electricidade. Útiles e ferramentas manuais. Comprobacións, periodicidade e recomendacións

Tema 8: Electricidade: Avarías e reparacións, luminarias, enchufes, interruptores. Apagóns e desconexión da rede xeral ou parciais.

Tema 9: Fontanería: Reparacións e mantemento. Útiles e ferramentas manuais. Tipos de tubaxes.

Tema 10: Pinturas. Reparacións e mantemento. Útiles e ferramentas.

Tema 11: Pinturas: Tipos

Tema 12: Carga, descarga e transporte de materiais, medios manuais e mecánicos.

Tema 13: Empaquetado e almacenamento de obxectos.

Tema 14: Control de almacéns. Nivel de existencias, Inventarios.

Tema 15: A Lei 31/95, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais: Capítulo III: Artigo 14 Dereito á protección fronte aos riscos laborais; Art. 18. Información, consulta e participación dos traballadores; Art. 19. Formación dos traballadores; Art. 20. Medidas de emerxencia; Art. 21 Risco grave e inminente; Art. 22. Vixilancia da saúde; Art. 29. Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos.

Tema 16: Concepto de equipo de protección individual (EPI) e obrigas dos traballadores: Art. 2 e Art. 10.- Real Decreto 773/1997, de 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas a utilización polos traballadores de equipos de protección individual.

11(993).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL PARA A COBERTURA DE 4 AXUDANTES DE OFICIOS PARA O SERVIZO DE LIMPEZA. EXPTE. 40831/220.

Visto o informe de fiscalización do 16/11/2022 e o informe-proposta de data 08/11/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos

Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data de sinatura electrónica, o Xefe do Servizo de Limpeza, coa conformidade do concelleiro-delegado competente, presenta escrito manifestando a urxente necesidade de cobertura interina en réxime laboral de polo menos as catro prazas de axudante de oficios incluídas na Ofertas de Emprego Público correspondente ao ano 2020 (3 prazas) e 2021 (1 praza) pendente de execución.

II.- En data de sinatura electrónica, emítase informe técnico, no que, entre outras circunstancias consta que *“Segundo os datos reflectidos na aplicación Ginpix7 da RPT a día 06/10/2022, no servizo limpeza viaria (servizo 252), constan 4 postos vacantes de axudantes de oficios.*

Na OEP 2020 (BOPPO 30/12/2020), constan 5 prazas de axudantes de oficios (2 reservadas para persoas con discapacidade intelectual), na OEP 2021 (BOPPO 29/12/2021), constan 3 prazas de axudantes de oficios (2 reservadas para persoas con diversidade intelectual).

No informe técnico de interinos con cargo a vacante anexado ao expediente, non consta persoal interino coa categoría de axudante de oficios contratado interinamente en réxime laboral ocupando as referidas prazas incluídas na OEP 2020 e OEP 2021.

Aos efectos de poder incoar expediente para a cobertura interina de 4 postos vacantes coa categoría de Axudante de Oficios existentes no Servizo de Limpeza, infórmase que poderíanse cubrir 4 prazas de igual denominación (3 con cargo as vacantes incluídas na Oferta Emprego Publico 2020 e 1 con cargo á vacante incluída na Oferta Emprego Publico 2021).”.

III.- En resposta a esta petición, a Concelleira-Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal , dispuxo ordenar que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación do expediente administrativo que proceda para a **contratación laboral temporal de catro axudantes de oficio**, con cargo ás prazas vacantes da mesma denominación existentes no Servizo de Limpeza, incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2020 e 2021.

IV.- Consta no expediente informe de cuantificación económica do gasto para nomeamento laboral temporal con cargo as prazas vacantes de catro axudantes de oficios.

V.- Consta no expediente informe de verificación administrativa das listaxes de reserva para a categoría de Axudante de oficios indicando as persoas que procede chamar como Axudantes de oficios segundo o programa informático de xestión das referidas listaxes.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Contratación de persoal laboral temporal:

O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP que así o dispoñan.

A primeira cuestión que debe resaltarse é que o RD-lei 32/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo opta por unha regra xeral: O contrato de traballo debe ser prioritariamente fixo. Esta regra non se exceptiona no ámbito das Administracións Públicas, aínda que hai matizacións.

Tras o RD-lei 32/2021, solo hai, con carácter xeneral, dous tipos de contratos:

- O contrato temporal por circunstancias da produción, previsto no artigo 15.2 TRET (contrato por incremento ocasional u oscilacións de necesidades e o contrato para a atención de situacións ocasionais, previsibles e que teñan unha duración reducida e delimitada).
- O contrato por substitución de persoa traballadora, previsto no artigo 15.3 TRET (contrato de substitución dun traballador con reserva de posto de traballo e contrato de substitución para un proceso de cobertura dun posto de traballo).

Segundo a doutrina xurisprudencial emanada por noso Tribunal Supremo, o artigo 15.1 ET dispón que para entender que concorre a causa xustificativa da celebración de cada unha das modalidades de contrato temporal deberá especificarse con precisión no contrato a causa habilitante da contratación temporal, as circunstancias concretas que a xustifican e súa conexión coa duración prevista.

O RD-ley 32/2021 introduce tamén cambios na Lei de Infraccións e Sancións do Orden Social (LISOS), agravando as sancións por celebrar contratos temporais en fraude de ley.

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas- poderán realizar contratos de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para súa cobertura definitiva.

Así establece o dito apartado ***“Podrán celebrarse contratos de duración determinada para la sustitución de una persona trabajadora con derecho a reserva de puesto de trabajo, siempre que se especifique en el contrato el nombre de la persona sustituida y la causa de la sustitución. En tal supuesto, la prestación de servicios podrá iniciarse antes de que se produzca la ausencia de la persona sustituida, coincidiendo en el desarrollo de las***

funciones el tiempo imprescindible para garantizar el desempeño adecuado del puesto y, como máximo, durante quince días.

Asimismo, el contrato de sustitución podrá concertarse para completar la jornada reducida por otra persona trabajadora, cuando dicha reducción se ampare en causas legalmente establecidas o reguladas en el convenio colectivo y se especifique en el contrato el nombre de la persona sustituida y la causa de la sustitución.

El contrato de sustitución podrá ser también celebrado para la cobertura temporal de un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva mediante contrato fijo, sin que su duración pueda ser en este caso superior a tres meses, o el plazo inferior recogido en convenio colectivo, ni pueda celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.

O contrato de substitución ten a mesma finalidade do denominado ata o RD-lei 32/2021 "contrato de interinidad"- Legalmente se prevén dúas posibilidades, o contrato de substitución dun traballador con reserva de posto de traballo e o contrato de substitución para un proceso de cobertura dun posto de traballo.

Na disposición adicional cuarta do RD-lei 32/2021 se habilita aos empregadores públicos a subscribir contratos de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para súa cobertura definitiva, así "*Igualmente se podrán suscribir contratos de sustitución para cubrir temporalmente un puesto de trabajo hasta que finalice el proceso de selección para su cobertura definitiva, de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad y en los términos establecidos en la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público*". É importante comparar esta previsión co disposto na nova redacción do artigo 15.3 TRLET, que especifica que o contrato de substitución poderá ser tamén celebrado para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección. No Estatuto se fixa unha duración máxima para o contrato de substitución por cobertura de tres meses (ou menos, si así o indica o convenio colectivo), e sin que poda celebrarse un novo contrato co mesmo obxecto unha vez superada dicha duración máxima. No caso do sector público cabe interpretar que a disposición adicional cuarta introduce un suposto especial de este tipo de contrato de substitución, exclusivo de este sector, no que no aplica este límite máximo, que rexería solo para o privado. A redacción de ambos supostos é sutilmente diferente: no emprego público o contrato de substitución es lexítimo "hasta que finalice el proceso de selección para su cobertura definitiva"; no "*durante el proceso de selección (...), sin que su duración pueda ser en este caso superior a tres meses*".

Este tipo de contratos está previsto para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para súa cobertura definitiva. Non obstante, un quebro á cuestión aconteceu coa xurisprudencia do Tribunal Supremo a partir de xuño de 2020: **o contrato laboral en praza vacante, non podería exceder os tres anos, de tal forma que si elo acontecía –ou acontece no futuro- o traballador interino laboral se transforma en indefinido non fixo.**

A contratación, deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. O artigo 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada dispón que:

"1. El contrato de interinidad es el celebrado para sustituir a un trabajador de la empresa con derecho a la reserva del puesto de trabajo en virtud de norma, convenio colectivo o acuerdo individual.



Concello de Vigo

El contrato de interinidad se podrá celebrar, asimismo, para cubrir temporalmente un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva.

2. El contrato de interinidad tendrá el siguiente régimen jurídico:

a) El contrato deberá identificar al trabajador sustituido y la causa de la sustitución, indicando si el puesto de trabajo a desempeñar será el del trabajador sustituido o el de otro trabajador de la empresa que pase a desempeñar el puesto de aquél.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, el contrato deberá identificar el puesto de trabajo cuya cobertura definitiva se producirá tras el proceso de selección externa o promoción interna.

b) La duración del contrato de interinidad será la del tiempo que dure la ausencia del trabajador sustituido con derecho a la reserva del puesto de trabajo.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, la duración será la del tiempo que dure el proceso de selección o promoción para la cobertura definitiva del puesto, sin que pueda ser superior a tres meses, ni celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.

En los procesos de selección llevados a cabo por las Administraciones públicas para la provisión de puestos de trabajo, la duración de los contratos coincidirá con el tiempo que duren dichos procesos conforme a lo previsto en su normativa específica.”

O artigo 49.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores dispón que “**A la finalización del contrato, excepto en los contratos formativos y el contrato de duración determinada por causa de sustitución, la persona trabajadora tendrá derecho a recibir una indemnización de cuantía equivalente a la parte proporcional de la cantidad que resultaría de abonar doce días de salario por cada año de servicio, o la establecida, en su caso, en la normativa específica que sea de aplicación.**”

O/a persoal laboral contratado/a percibirá o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 147- Axudante de oficio), adscrito ao Servizo de Limpeza, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as

necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Consta o escrito da enxeñeiro de camiños conformado polo concelleiro delegado competente solicitando a cobertura das vacantes, así como a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

III. - Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente a **contratación laboral** proposta, “ *O custo para 4 postos cod. 147-Axudantes de Oficios, no caso de que iniciase a súa relación no mes de decembro, con cargo as partidas orzamentarias: 1630 130.0000 (S.B.-C.E-CD) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:*

Nº postos	S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
4	2.907,59	1.640,67	3.496,41	3.040,88	11.085,55

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 1630 130.0000 do orzamento do exercicio 2022 no que respecta a retribucións por importe de 8044,67 € e por importe de 3040,88 € , seguridade social empresa a aplicación orzamentaria 160.0000.”

IV. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “*Sendo necesario a contratación temporal por substitución de persoa traballadora (artigo 15.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015) de catro axudantes de oficios (prazas vacantes OEP 2020 e OEP 2021), non existindo listas desta categorías, recórrase a listaxe de operario peón aprobada polo Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 16 de xullo de 2021 para a contratación interina de 4 axudantes de oficios.*

• *Verificada a listaxe operario peón, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de 4 axudantes de oficios con cargo a prazas da OEP 2020 e OPE 2021 (3 prazas pertencen á OEP 2020 e unha á OEP 2021), aceptando 4 aspirantes e renunciando os restantes aspirantes seleccionables , sendo estes: A. Asensio Rodríguez con DNI núm:*



Concello de Vigo

****5744**, F. Rey Gomez con DNI núm: ***9132**, M. J. Fouz Ares con DNI núm: ***3886** e N. Freitas Rodríguez con DNI 36104744B, de conformidade cos "Criterios de xestión das listas de reserva" aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."*

Os referidos efectivos aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar á referida contratación laboral temporal con cargo ás prazas vacantes de axudantes de oficios segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a contratación laboral temporal nas seguintes condicións:

- Categoría profesional: Axudante de oficios (cód. Retributivo cód. 147-Axudante de oficios),
- Modalidade legal: Contrato de substitución para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección para súa cobertura definitiva en base ao 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, e o RD-lei 32/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Destino: Servizo de Limpeza.
- Período temporal: Ata a cobertura definitiva cun prazo máximo de 3 anos, momento en que finalizará o contrato sin dereito a indemnización.
- Custe económico: Segundo informe técnico obrante no expediente.

Nº postos	S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
4	2.907,59	1.640,67	3.496,41	3.040,88	11.085,55

O custo dos referidos nomeamentos imputarase a aplicación orzamentaria 1630 130.0000 do orzamento do exercicio 2022 no que respecta a retribucións por importe de 8044,67 € e por importe de 3040,88 €, seguridade social empresa a aplicación orzamentaria 160.0000.”

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Contratar na modalidade referida con cargo ás prazas vacantes de axudante de oficios incluídas na OEP 2020 e OEP 2021 a **A. Asensio Rodríguez con DNI núm: ***5744****, **F. Rey Gomez con DNI núm: ***9132****, **M. J. Fouz Ares con DNI núm: ***3886**** e **N. Freitas Rodríguez con DNI ***0474****, na súa condición de seguintes aspirantes da lista que superaron todos os exercicios do proceso selectivo, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que aos interesados se lle formalizará contrato laboral-temporal de substitución para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección, ao abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98, debendo subscribi-lo seu contrato laboral-temporal no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación da presente acordo e, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 147- axudante de oficios, vacante na Relación de Postos de traballo vixente na actualidade e, sendo adscrito ao Servizo de Limpeza, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente as prazas de axudante de oficios incluídas na OEP 2020 e OEP 2021, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público, en todo caso no prazo máximo de tres anos.

CUARTO: A xornada laboral dos traballadores contratados desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ao aspirante contratado, a Xefatura do Servizo de Limpeza, ao persoal incluído no grupo II da Área de Recursos Humanos e Formación, a Intervención Xeral, Inspección de persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto



Concello de Vigo

administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(994).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL PARA A COBERTURA DE 3 OFICIAIS DE SEPULTUREIROS PARA O SERVIZO DE CEMITERIOS. EXPTE. 39808/220.

Visto o informe de fiscalización do 16/11/2022 e o informe-proposta de data 09/11/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data de sinatura electrónica, o Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo coa conformidade da concelleira-delegada competente, presenta escrito manifestando a urxente necesidade de cobertura das prazas vacantes existentes no Servizo de Cemiterios.

II.- En data de sinatura electrónica, emítase informe técnico, no que, entre outras circunstancias consta que *“Se informa que pódese proceder a cobertura de tres prazas vacantes de oficial sepultureiro existentes no Servizo de Cemiterios, unha con cargo a OEP 2017, outra con cargo a OEP 2019 e outra con cargo a OEP 2021”*.

III.- En resposta a esta petición, a Concelleira-Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, dispuxo ordenar que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación do expediente administrativo conveniente para a incorporación do persoal referido na modalidade oportuna legalmente.

IV.- Consta no expediente informe de verificación administrativa das listaxes de reserva, segundo o cal:

“Infórmase o seguinte:

- *Sendo necesaria a contratación temporal por substitución de 3 oficiais sepultureiros/os, verificadas as listaxes de reserva para dita categoría, existe persoal en condicións de ser notificado.*
- *Por conseguinte, e salvo de erro ou omisión, procede o chamamento na categoría de oficial sepultureira/o con cargo as praza vacantes incluídas nas OEPs 2021, 2019 e 2017, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e, á vista dos datos*

proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, aos seguintes candidatas/os que presentaron a documentación requirida para o efecto:

NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***7559**	J. M. Iglesias Peixoto
2	***0256**	E. F. Comis González
2	***6122**	J. A. Carrera Ferreira

De todo o cal, e suxeito á verificación técnica, se deixa constancia aos estritos efectos do presente expediente electrónico”.

V.- Consta no expediente informe de cuantificación económica do gasto para nomeamento laboral temporal con cargo as prazas vacantes de tres oficiais sepultureiros:

“O custo para 3 postos cod. 205-Oficial Sepultureiro, no caso de que iniciase a súa relación no mes de decembro, con cargo as partidas orzamentarias: 1640 130.0000 (S.B.-C.E-CD) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:

Nº postos	S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
3	2.379,45	1.411,49	2.816,17	2.497,49	9.104,59

“

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Contratación de persoal laboral temporal:

O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no artigo 7, establece que o persoal laboral ó servizo das Administracións Públicas se rexe, ademais de pola lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos do TREBEP que así o dispoñan.

A primeira cuestión que debe resaltarse é que o RD-lei 32/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo opta por unha regra xeral: O contrato de traballo debe ser prioritariamente fixo. Esta regra non se exceptiona no ámbito das Administracións Públicas, aínda que hai matizacións.

Tras o RD-lei 32/2021, solo hai, con carácter xeneral, dous tipos de contratos:



Concello de Vigo

- O contrato temporal por circunstancias da produción, previsto no artigo 15.2 TRET (contrato por incremento ocasional u oscilacións de necesidades e o contrato para a atención de situacións ocasionais, previsibles e que teñan unha duración reducida e delimitada).
- O contrato por substitución de persoa traballadora, previsto no artigo 15.3 TRET (contrato de substitución dun traballador con reserva de posto de traballo e contrato de substitución para un proceso de cobertura dun posto de traballo).

Segundo a doutrina xurisprudencial emanada por noso Tribunal Supremo, o artigo 15.1 ET dispón que para entender que concorre a causa xustificativa da celebración de cada unha das modalidades de contrato temporal deberá especificarse con precisión no contrato a causa habilitante da contratación temporal, as circunstancias concretas que a xustifican e súa conexión coa duración prevista.

O RD-lei 32/2021 introduce tamén cambios na Lei de Infraccións e Sancións do Orden Social (LISOS), agravando as sancións por celebrar contratos temporais en fraude de ley.

Segundo o disposto no artigo 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, as empresas –incluídas as administracións públicas- poderán realizar contratos de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección ou promoción para súa cobertura definitiva.

Así establece o dito apartado *“Podrán celebrarse contratos de duración determinada para la sustitución de una persona trabajadora con derecho a reserva de puesto de trabajo, siempre que se especifique en el contrato el nombre de la persona sustituida y la causa de la sustitución. En tal supuesto, la prestación de servicios podrá iniciarse antes de que se produzca la ausencia de la persona sustituida, coincidiendo en el desarrollo de las funciones el tiempo imprescindible para garantizar el desempeño adecuado del puesto y, como máximo, durante quince días.*

Asimismo, el contrato de sustitución podrá concertarse para completar la jornada reducida por otra persona trabajadora, cuando dicha reducción se ampare en causas legalmente establecidas o reguladas en el convenio colectivo y se especifique en el contrato el nombre de la persona sustituida y la causa de la sustitución.

El contrato de sustitución podrá ser también celebrado para la cobertura temporal de un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva mediante contrato fijo, sin que su duración pueda ser en este caso superior a tres meses, o el plazo inferior recogido en convenio colectivo, ni pueda celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.”

O contrato de substitución ten a mesma finalidade do denominado ata o RD-lei 32/2021 “contrato de interinidade”- Legalmente se prevén dúas posibilidades, o contrato de substitución dun traballador con reserva de posto de traballo e o contrato de substitución para un proceso de cobertura dun posto de traballo.

Na disposición adicional cuarta do RD-lei 32/2021 se habilita aos empregadores públicos a subscribir contratos de substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para súa cobertura definitiva, así “Igualmente se podrán suscribir contratos de sustitución para cubrir temporalmente un puesto de trabajo hasta que finalice el proceso de selección para su cobertura definitiva, de acuerdo con los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad y en los términos establecidos en la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público”. É importante comparar esta previsión co disposto na nova redacción do artigo 15.3 TRLET, que especifica que o contrato de substitución poderá ser tamén celebrado para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección. No Estatuto se fixa unha duración máxima

para o contrato de substitución por cobertura de tres meses (ou menos, si así o indica o convenio colectivo), e sin que poda celebrarse un novo contrato co mesmo obxecto unha vez superada dicha duración máxima. No caso do sector público cabe interpretar que a disposición adicional cuarta introduce un suposto especial de este tipo de contrato de substitución, exclusivo de este sector, no que no aplica este límite máximo, que rexería solo para o privado. A redacción de ambos supostos é sutilmente diferente: no emprego público o contrato de substitución es lexítimo “hasta que finalice el proceso de selección para su cobertura definitiva”; no “*durante el proceso de selección (...), sin que su duración pueda ser en este caso superior a tres meses*”. Este tipo de contratos está previsto para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para súa cobertura definitiva. Non obstante, un quebro á cuestión aconteceu coa xurisprudencia do Tribunal Supremo a partir de xuño de 2020: **o contrato laboral en praza vacante, non podería exceder os tres anos, de tal forma que si elo acontecía –ou acontece no futuro- o traballador laboral se transforma en indefinido non fixo.**

A contratación, deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. O artigo 4 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada dispón que:

“1. El contrato de interinidad es el celebrado para sustituir a un trabajador de la empresa con derecho a la reserva del puesto de trabajo en virtud de norma, convenio colectivo o acuerdo individual.

El contrato de interinidad se podrá celebrar, asimismo, para cubrir temporalmente un puesto de trabajo durante el proceso de selección o promoción para su cobertura definitiva.

2. El contrato de interinidad tendrá el siguiente régimen jurídico:

a) El contrato deberá identificar al trabajador sustituido y la causa de la sustitución, indicando si el puesto de trabajo a desempeñar será el del trabajador sustituido o el de otro trabajador de la empresa que pase a desempeñar el puesto de aquél.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, el contrato deberá identificar el puesto de trabajo cuya cobertura definitiva se producirá tras el proceso de selección externa o promoción interna.

b) La duración del contrato de interinidad será la del tiempo que dure la ausencia del trabajador sustituido con derecho a la reserva del puesto de trabajo.

En el supuesto previsto en el segundo párrafo del apartado 1, la duración será la del tiempo que dure el proceso de selección o promoción para la cobertura definitiva del puesto, sin que pueda ser superior a tres meses, ni celebrarse un nuevo contrato con el mismo objeto una vez superada dicha duración máxima.

En los procesos de selección llevados a cabo por las Administraciones públicas para la provisión de puestos de trabajo, la duración de los contratos coincidirá con el tiempo que duren dichos procesos conforme a lo previsto en su normativa específica.”

O artigo 49.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores dispón que “*A la finalización del contrato, **excepto en los contratos formativos y el contrato de duración determinada por causa de sustitución**, la persona trabajadora tendrá derecho a recibir una indemnización de cuantía equivalente a la parte proporcional de la cantidad que resultaría de abonar doce días de salario por cada año de servicio, o la establecida, en su caso, en la normativa específica que sea de aplicación.*”

O/a persoal laboral contratado/a percibirá o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso posto cód. 205-Oficial Sepultureiro, adscrito ao Servizo de Cemiterios, da



Concello de Vigo

vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 22.09.2022 (pendente de publicación no BOPPO)

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino – ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Consta no escrito asinado polo Xefe do servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, e conformado pola concelleira delegada competente solicitando a cobertura das vacantes, así como a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

III. - Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente a **contratación laboral** proposta, *“O custo para 3 postos cod. 205-Oficial Sepultureiro, no caso de que iniciase a súa relación no mes de decembro, con cargo as partidas orzamentarias: 1640 130.0000 (S.B.-C.E-CD) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte::*

Nº postos	S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
3	2.379,45	1.411,49	2.816,17	2.497,49	9.104,59

“

IV. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “*infórmase o seguinte*”:

- *Sendo necesaria a contratación temporal por substitución de 3 oficiais sepultureiras/os, verificadas as listaxes de reserva para dita categoría, existe persoal en condicións de ser notificado.*
- *Por conseguinte, e salvo de erro ou omisión, procede o chamamento na categoría de oficial sepultureira/o con cargo as praza vacantes incluídas nas OEPs 2021, 2019 e 2017, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local, vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e, á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, aos seguintes candidatas/os que presentaron a documentación requirida para o efecto:*

NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***7559**	J. M. Iglesias Peixoto
2	***0256**	E. F. Comis González
2	***6122**	J. A. Carrera Ferreira

De todo o cal, e suxeito á verificación técnica, se deixa constancia aos estritos efectos do presente expediente electrónico”.

Os referidos efectivos aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar á referida contratación laboral temporal na categoría de oficiais sepultureiras/os con cargo ás prazas vacantes incluídas nas OEPs 2021, 2019 e 2017, segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

V. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO



Concello de Vigo

PRIMEIRO: Declarar a urxencia para proceder a contratación laboral temporal nas seguintes condicións:

- Categoría profesional: Oficiais sepultureiras/os (cód. Retributivo cód. 205-Oficial Sepultureiro),
- Modalidade legal: Contrato de substitución para a cobertura temporal de tres postos de traballo durante o proceso de selección para súa cobertura definitiva en base ao 15.1.c) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores desenvolvido polo Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, e o RD-lei 32/2021 de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Destino: Servizo de Cemiterios
- Período temporal: Ata a cobertura definitiva cun prazo máximo de 3 anos, momento en que finalizará o contrato sin dereito a indemnización.
- Custe económico: Segundo informe técnico obrante no expediente.

“O custo para 3 postos cod. 205-Oficial Sepultureiro, no caso de que iniciase a súa relación no mes de decembro, con cargo as partidas orzamentarias: 1640 130.0000 (S.B.-C.E-CD) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte:

Nº postos	S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
3	2.379,45	1.411,49	2.816,17	2.497,49	9.104,59

“

Todo elo, consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Contratar na modalidade referida con cargo ás prazas vacantes de oficiais sepultureiras/os incluídas nas OEPs 2021, 2019 e 2017 a **J. M. Iglesias Peixoto** con DNI núm. *****7559****, **E. F. Comis González** con DNI núm. *****0256****, **J. A. Carrera Ferreira** con DNI núm. *****6122**** na súa condición de seguintes aspirantes da lista que superaron todos os exercicios do proceso selectivo, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que aos interesados se lles formalizará contrato laboral-temporal de substitución para a cobertura temporal dun posto de traballo durante o proceso de selección, ao abeiro do disposto nos artigos 15.1.c), do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores e R.D. 2720/98, debendo subscribilo seu contrato laboral-temporal no prazo dun mes a contar desde o seguinte á notificación do presente acordo e, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 205-Oficial Sepultureiro, vacantes na Relación de Postos de traballo vixente na actualidade e, sendo adscritos ao Servizo de Cemiterios, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente as prazas de Oficiais Sepultureiras/os incluídas nas OEPs 2021 2019 e 2017, previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público, en todo caso no prazo máximo de tres anos.

CUARTO: A xornada laboral dos traballadores contratados desenvolverase preferentemente de luns a venres, en xornada continuada de mañá -07,30 a 15 h- ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos aspirantes contratados, a Xefatura do Servizo de Cemiterios, ao persoal incluído no grupo II da Área de Recursos Humanos e Formación, a Intervención Xeral, Inspección de persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(995).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE INSTALACIÓN DE TERRAZAS DE HOSTALERÍA CON CERRAMENTO ESTABLE NA FACHADA NORTE DO CENTRO COMERCIAL A LAXE. EXPTE. 128936/210.

Dáse conta do informe-proposta de data 11/11/2022, asinado polo enxeñeiro técnico industrial, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Primeiro.- O 17 de marzo de 2022 a mercantil OPTIMA ASSET MANAGEMENT IBÉRICA, S.L, con CIF B87304614 solicita autorización para a instalación de terrazas de hostalería con cerramento estable na fachada norte do Centro Comercial A Laxe.

Segundo.- No expediente consta de maneira fidedigna a titularidade do Consorcio da Zona Franca do solo e do edificio do Centro Comercial A Laxe.

En particular, consta escritura pública de 22/12/09 de adquisición do solo, previa desafectación do dominio público portuario por Orde do Ministerio de Fomento de 17/11/09.

Na propia escritura pública consta a autorización de 15/12/2009 do Organismo Público Portos do Estado para a transmisión da parcela, que desde a desafectación do dominio público portuario pertencía en réxime patrimonial á Autoridade Portuaria.

En virtude desa escritura pública de 22/12/09 formalizouse a transmisión pola Autoridade Portuaria a favor do Consorcio da Zona Franca de Vigo, en pleno dominio, da parcela sobre a que



Concello de Vigo

este último organismo público construíu o Centro Comercial A Laxe. Consta asimesmo o prezo da adquisición da parcela.

Consta, en definitiva, a existencia dun edificio propiedade privada do Consorcio da Zona Franca de Vigo, que por conseguinte notoriamente non pertence ao dominio público.

Terceiro.- As actividades de terraza cuxa autorización se pide sobre un ámbito da parcela libre de edificación de libre acceso público, son complementarias e accesorias das que se desenvolven nos locais do interior do Centro Comercial adxacentes á fachada norte do inmueble.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Resulta de aplicación á solicitude de autorización a vixente ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en terreos públicos ou privados de acceso libre e uso público (B.O.P. 26 de novembro de 2021).

Segundo.- A solicitude de autorización contempla una actuación sucesiva ou por fases de instalación das estruturas lixeiras segundo a secuencia de efectiva dispoñibilidade como uso hoslteiro dos locais adxacentes á fachada norte do Centro Comercial.

Terceiro.- O art. 19 da vixente ordenanza reguladora das terrazas di:

Artigo 19 Rúas peonís, prazas e outros espazos asimilables.

1.- Con carácter xeral, o mobiliario, instalacións e a súa disposición nas rúas peonís, prazas e espazos asimilables resolveranse atendendo ás circunstancias particulares de cada espazo físicas (xeometrías), urbanísticas (intensidade de uso residencial, comercial, protección de intereses histórico-artísticos e culturais) e medioambientais.

2.- Aos efectos do disposto no número anterior, as rúas, prazas e espazos libres e os seus elementos deberán ser seleccionados e sometidos a proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno Local a proposta da concellería delegada con competencia en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, con audiencia das demais concellerías que resulten competentes en cada caso.

3.- A superficie de ocupación total establecerase, en cada caso, atendendo ao uso principal a que estea destinada áreas peonís e prazas, así como á súa xeometría e características concretas. En todo caso, sempre se garantirá a existencia dun itinerario peonil libre de obstáculos cunha anchura mínima de tres (3,00) metros en cada aliñación de fachada e/ou un central segundo as condicións do mobiliario urbano existente, de forma que se permita o paso de vehículos de emerxencias e outros vehículos autorizados.

Cuarto.- O art. 21 da ordenanza dispón:

Artigo 21 Terrazas con cerramentos lixeiros facilmente desmontables. 1.- Dado o seu carácter singular, unicamente poderán autorizarse este tipo de cerramentos naquelas beirarrúas dun mínimo de catro metros (4m), garantindo sempre un mínimo do 50 por cento de ancho libre para o tránsito peonil.

2.- Estas instalacións, polo seu carácter provisional, deberán ser facilmente desmontables e deberán procurarse solucións homoxéneas.

3.- *Nas fachadas de edificios catalogados non poderán realizarse ancoraxes para a instalación de cerramentos, toldos, maquinaria, adornos nin mobiliario ou calquera outro elemento de cubrición ou delimitación dos espazos destinados a terraza.*

4.- *A instalación de terrazas con elementos lixeiros no contorno de edificios catalogados requirirá informe previo da autoridade competente para a súa protección.*

Quinto.- Aos efectos do disposto nos artigos 19 e 21 da Ordenanza, OPTIMA ASSET MANAGEMENT IBÉRICA, S.L aporta coa solicitude uns planos da instalación de terrazas diante da fachada norte do Centro Comercial A Laxe (cota 0) redactado polo estudo de arquitectura B+R Arquitectos Asociados.

Sexto.- O 14 de setembro de 2022 requeriuse ao interesado a presentación dun proxecto técnico completo no sentido establecido polos artigos 19.2, 23.3 e concordantes da Ordenanza.

Sétimo.- O 26 de setembro de 2022 o interesado presenta o proxecto técnico da instalación das terrazas do Estudo B+R.

Oitavo.- O proxecto exclúe expresamente a necesidade de instalacións de fontanería ou saneamento para dotación de servizos ás terrazas, polo que se exclúe toda actuación sobre o chan que implique perforación.

Noveno.- O 26 de setembro de 2022 o Enxeñeiro Municipal informa favorablemente o proxecto técnico.

Décimo.- No expediente consta informe favorable do Oficial Xefe do Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento de 17 de xuño de 2022, relativo á compatibilidade da instalación proxectada coas intervencións específicas do SPEIS.

Dado que a presentación do proxecto técnico completo non modifica en nada as condicións técnicas analizadas no informe do Xefe do SPEIS de 17 de xuño, non é necesario solicitar a súa ratificación.

Décimo primeiro.- No expediente consta toma de razón e aceptación da proposta polo Delegado Especial do Consorcio da Zona Franca de Vigo, de 09 de novembro de 2022.

En mérito de canto antecede, vense en propoñer á Concelleira delegada de Seguridade que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

Primeiro.- Aprobar o proxecto de instalación de terrazas de hostalería con cerramento estable na fachada norte do Centro Comercial A Laxe, presentado pola mercantil OPTIMA ASSET MANAGEMENT IBÉRICA, S.L, con CIF B87304614, realizado polo Estudo de Arquitectura B+R, comprensivo dos seguintes documentos:

1º.1 A memoria que acompaña á solicitude de 17 de marzo de 2022, e a aclaración á mesma de 21 de xuño de 2022 asinada polos arquitectos D. Ramón Ramírez e D. Esteban Becceril sobre a previsión da non existencia de instalacións de fontanería e saneamento nas terrazas.



Concello de Vigo

1º.2 O Proxecto Técnico en sentido propio, de 26 de setembro de 2022.

Segundo.- O proxecto aprobado implica una actuación sucesiva ou por fases de instalación das estruturas lixeiras segundo a secuencia de efectiva dispoñibilidade como uso hoslateiro dos locais adxacentes á fachada norte do Centro Comercial A Laxe.

Terceiro.- O proxecto aprobado implica unha ocupación total de 507,96 metros cadrados segundo as medicións contidas no mesmo.

Cuarto.- Aprobado o presente proxecto, OPTIMA ASSET MANAGEMENT IBÉRICA, S.L, deberá presentar solicitude de actividade de terraza para cada unha das sucesivas fases en que se resolve a súa execución.

Quinto.- Indicar ao interesado/a que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 114.1. c) da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións Públicas. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa, 123 e concordantes da Lei 39/2015, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación. Todo elo sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(996).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE GASOLEO TIPO “C” PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS ADSCRITAS Á ÁREA DE CULTURA, CONCRETAMENTE NA BIBLIOTECA PÚBLICA “JUAN COMPAÑEL”. EXPTE. 16218/331.

Visto o informe xurídico do 17/11/2022 e o informe de fiscalización do 18/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 02/11/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 30 de setembro de 2022.
- Memoria económica de data 18 de outubro de 2022, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado da Área de Cultura.
- Retención de crédito de data 20 de outubro de 2022 (operación n.º 202200111956-RCFUT)
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 21 de outubro de 2022, asinado pola Enxeñeira Técnica Industrial e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.
- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas de data 21 de outubro de 2022, asinada pola Enxeñeira Técnica Industrial e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa de data 28 de outubro de 2022, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado da Área de Cultura.
- Informe de data 31 de outubro de 2022, da técnica de administración xeral e maila xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 31 de outubro de 2022, redactado pola técnica de administración xeral e maila xefa do Servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Área segundo os decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados da Área.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación de subministración de gasoleo tipo “C” para as instalacións de calefacción nas bibliotecas públicas adscritas á Área de Cultura, concretamente na Biblioteca Pública “Juan Compañel” (R/ Joaquín Yáñez, 6, Vigo).



Concello de Vigo

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, conformada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral e maila Xefa do Servizo de Contratación.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións, o prezo do contrato, o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) ao que fai referencia o art. 102 da LCSP; que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril) e a forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP)

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións, a insuficiencia de medios (art. 116 da LCSP); a non división do contrato en lotes (artigo 99.3 LCSP), o prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (art. 29 LCSP); as condicións especiais de execución (art 202.1 da LCSP); a elección dos criterios de adjudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (art. 145.1 da LCSP), así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios para a consideración de ofertas anormalmente baixas; e o lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (art. 67,5f e 67.7.e do RLCAP).

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de subministros segundo o establecido no artigo 16 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adjudicación realizarase por sistema de procedemento aberto simplificado abreviado, de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 20 de outubro de 2022.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adjudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado abreviado, de subministración de gasoleo tipo "C" para as instalacións de calefacción nas bibliotecas públicas adscritas á Área de Cultura, concretamente na Biblioteca Pública "Juan Compañel" (R/ Joaquín Yáñez, 6, Vigo).

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 21 de outubro de 2022, redactado pola Enxeñeira Técnica Industrial e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 31 de outubro de 2022, redactado pola técnica de administración xeral e maila xefa do Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **21.424,78 € IVE engadido** (vinteún mil catrocentos vintecaturo euros con setenta e oito céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria **3321.221.03.00 "Combustibles"** do orzamento municipal, según o seguinte:

Ano 2023 (1 de xaneiro ao 31 de decembro): 10.712,39 €

Ano 2024 (1 de xaneiro ao 31 de decembro): 10.712,39 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(997).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA TEIXUGUEIRAS ENTRE A RÚA LAMELAS E O ACCESO PEONIL AO BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20". EXPTE. 5605/443.

Visto o informe de fiscalización do 23/06/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/06/2022, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o técnico de Admón. Xeral e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local en data 22 de febreiro de 2022 acordou: "Aprobar o proxecto de obras de "Humanización da rúa Teixugueiras entre a rúa Lamelas e o acceso peonil o barrio en Navia dende a VG-20" redactado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro



Concello de Vigo

Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS SETECENTOS DEZ MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (2.710.552,23 €) de data Novembro de 2021 e con sinatura dixital de data 11.02.2022".

Por motivos de axustes técnicos no proxecto, a empresa INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, presenta novo borrador do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TEIXUGUEIRAS, ENTRE A RÚA LAMELAS E O ACCESO PEONIL AO BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canais e portos Dña. MARÍA FERREIRO NÚÑEZ, cun orzamento base de licitación máis IVE de 2.679.325,54 euros.

II.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 21 de xuño de 2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 21 de xuño de 2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación se desenrola na rúa Teixugueiras entre a rúa Lamelas eo acceso peonil a VG-20 e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;

- Procederáse a retirada do mobiliario existente na rúa, para a continuación a demolición de beirarrúas e retirada do bordos existentes, e demolición dos pavimentos existentes.
- Unha vez efectuada as demolicións procederáse a efectuar a escavación de gabias para a renovación dos colectores de saneamento tanto de fecais como pluviais cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros, pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coas redes existentes. A continuación procederáse ao recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grado de compactación do 95%., para efectuar as canalizacións de redes soterrados de alumeadado público e semaforización, segundo os esquemas do proxecto, así como a comprobación de estado do resto de redes existentes na rúa, no referente ao abastecemento, prevese o mantemento da rede actual que transcorre pola galería, sendo necesario a reposición das conexións, a os edificios existentes.
- Posteriormente unha vez confeccionada a explanada no seu conxunto, procederáse a efectuar a pavimentación, diferenciado no tipo de pavimentación entre beirarrúas, estas a base de formigón en masa HM-20 de 10 cmt., de espesor e acabado con lousa de formigón ecolóxico, en varios cores segundo se define no proxecto. Nos vados de acceso de vehículos propónse o acabado de adoquín de granito, asentado sobre cama de morteiro de 5 cm., e posterior soleira de formigón HM-20 de 20 cm., de espesor. Así mesmo entre calzada e beirarrúa colocárase o bordo formado por pezas de granito flameado sobre soleira de formigón, efectuando pezas especiais nos encontros en esquinas e paso de peóns. Na zona de rodadura previo reposición de zona firmes nas gabias a base de formigón en masa HM-20 de 20 cm de espesor efectuaráse o correspondente fresado capa de rego de adherencia e posterior mestura bituminosa en quente ac16 surf 50/70 en capa de rodadura cun espesor de 5 cm.
- Posterior finalización a base de dotación de xardinaría, segundo deseño de proxecto coa corresponde rede de rego, nova instalación de farois de alumeadado público, con previa renovación da canalización, fora da galería actual, propondo puntos de reforzo de iluminación nos pasos de peóns. Nova rede de semaforización nos cruces de calzadas.
- Nova instalación de sinalización verticais, así como pintado de sinalización, nova instalación de papeleiras e bancos.

- Como elemento decorativo ademais de novas esculturas se propón un elemento singular "TOTEM INTERACTIVO" a ubicar na praza que existe entre os números 18 e 20.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (NOVE) 9 meses.

V.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 22 de xuño de 2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

A actuación proposta a efectos urbanísticos actuase sobre un vial xa existente, xerando unha maior dotación de espazos lúdicos e zona transitable, non alterando os usos existentes na actualidade, polo tanto a proposta esta axeitada a norma urbanística, tanto no planeamento actual como na proposto de novo planeamento en fase de exposición.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considerase adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" (en adiante, LCSP) e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que



Concello de Vigo

figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA TEIXUGUEIRAS ENTRE A RÚA LAMELAS E O ACCESO PEONIL O BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20”**, redactado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS SETECENTOS DEZ MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E DOUS EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (2.679.325,54 EUROS), de data maio de 2022 e con sinatura dixital de data 10 de xuño de 2022.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(998).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO A TRAVÉS DA SÚA CONECTIVIDADE AÉREA DIRECTA COA CIDADE DE LONDRES (ANOS 2023-2025). EXPTE. 8283/104.

Visto o informe xurídico do 17/11/2022 e o informe de fiscalización do 21/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 16/11/2022, asinado pola técnica de Actividades Turísticas, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, foi asinada o 07/11/2022.
- Memoria económica de data 09/11/2022, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base a distintas certificacións e memorias xustificativas de anteriores contratos de promoción turística, nos que se prestaban estes soportes de promoción e outras compañías que na actualidade seguen levando a cabo este tipo de actuacións.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retención de crédito de data 09/11/2022 (operación nº 202200117252).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 10/11/2022
- Memoria xustificativa de data 10/11/2022 relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación da fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 10/11/2022
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado pola servizo de contratación de data 16/11/2022



Concello de Vigo

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. A Concelleira delegada de Turismo mediante resolución de 07/11/2022 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP) que se cualifica como contrato administrativo especial. O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP, os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), modificacións do contrato (artigo 207 da LCSP), as condicións especiais de execución (202.1 da LCSP).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá

ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª . 4 LCSP)

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de **PRESTACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO VIGO A TRAVÉS DA SÚA CONECTIVIDADE AÉREA DIRECTA COA CIDADE DE LONDRES (ANOS 2023-2025)**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 10/11/2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 16/11/2022.

Terceiro: Autorizar a tramitación de este expediente como anticipado de gasto de acordo co previsto no artigo 117.2 da LCSP e na Base de Execución do Orzamento Xeral Municipal Nº 29.

Cuarto: Aprobar o gasto polo importe máximo de licitación de 1.869.450,00€ **con ivo, sendo o IVE 324.450,00€.**

O contrato financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria **4320.2279902 "PROMOCIÓN TURÍSTICA DESTINO RUTAS AÉREAS"**.. do programa orzamentario do servizo de Turismo para os exercicios 2023, 2024 e 2025. Co seguinte desglose de anualidades:

ANUALIDADES	IMPORTE (SEN IVE)	IMPORTE (CON IVE)
ANO 2023	515.000,00€	623.150,00€
ANO 2024	515.000,00€	623.150,00€
ANO 2025	515.000,00€	623.150,00€
Total Orz. Licit.	1.545.000,00€	1.869.450,00€

Quinto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CONSERVACIÓN E MELLORA DA CUBERTA DO PAVILLON DE COIA”.EXPTE. 5771/443.

. APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DA PASAXE (FASE I) NOS CONCELLOS DE GONDOMAR E VIGO. EXPTE. 5287/401.

.- INFORME AO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR PREVISOR,S.L. EN RELACIÓN AO PROCEDEMENTO ABERTO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA VIXILANCIA DA SAÚDE. EXPTE. 1533/2202.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

17(999).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CONSERVACIÓN E MELLORA DA CUBERTA DO PAVILLÓN DE COIA”.EXPTE. 5771/443.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 22/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/11/22, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Deportes en data 04.04.2022 resolveu o autorizar o gasto para a “asistencia técnica na redacción proxecto e PPT mellora da cuberta da instalación deportiva pavillón de Coia” a favor de D. Alejandro Martínez García.

II.- Con data 22.07.2022 pola Área de deportes remítese dilixencia “Aos efectos de tramitación do expediente de licitación das obras, xunto achégase o “proxecto de mellora da cuberta do pavillón de Coia”, redactado polo profesional Alejandro Martínez García.”

III.- Con data 26.10.2022 o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Técnico de Administración Xeral, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- A actuación se desenrola nun edificio de titularidade municipal, sito na Avenida de Castelao nº 66B de Vigo, e consisten as obras a executar as que se enumeran a seguir;

- Substitución de canalóns 1, 2 e 3 co correspondente levantamento de paneis sándwich, tapetas, remates de coroación e lucernario no tramo central de canalón 1, polo seguinte:

O canalón 1 será de chapa de aceiro inoxidable AISI 316 de 0,8 mm de espesor, desenvolvemento de canalón 1225 mm aproximadamente, inclúe entronques de baixantes, accesorios en aceiro inoxidable (soportes, unións e tapas), soldadura TIG, colocación en tramos de 10 m, xunta de dilatación con dobre llanta de aceiro inoxidable a soldar con TIJ e goma intermedia para absorber dilatacións. Ten 48,95 m de lonxitude e presenta seis baixantes e dúas cazoletas nos extremos.

O canalón 2 de chapa de aceiro inoxidable AISI 316 de 0,8 mm de espesor, desenvolvemento de canalón 1225 mm aproximadamente, inclúe entronques de baixantes, accesorios en aceiro inoxidable (soportes, unións e tapas), soldadura TIG, colocación en tramos de 10 metros, xunta de dilatación con dobre llanta de aceiro inoxidable a soldar con TIJ e goma intermedia para absorber dilatacións. Ten unha lonxitude de 33,60 m. Abarca o longo do lucernario e ten catro baixantes.

O canalón 3 de chapa de aceiro inoxidable AISI 316 de 0,8 mm de espesor, desenvolvemento de canalón 1225 mm aproximadamente, inclúe entronques de baixantes, accesorios en aceiro inoxidable (soportes, unións e tapas), soldadura TIG, colocación en tramos de 10 m, xunta de dilatación con



Concello de Vigo

dobre llanta de aceiro inoxidable a soldar con TIJ e goma intermedia para absorber dilatacións. Mide 48,30 m e presenta catro baixantes e dous rebosadeiros nos extremos.

- É preciso desmontar un lucernario existente para garantir a estanquidade no tramo central do canalón 1. O novo lucernario será un peche translúcido mediante o sistema ARCOPLUS 324 o similar de 20 mm de espesor, con catro paredes e protección UV por cara exterior, formado por: Placa de policarbonato opal, perfís en todo o perímetro en aluminio anodizado, abrazadeiras (grampas en aceiro inoxidable en dobre fileira) e guarnicións interiores.

- Será necesaria unha estrutura secundaria metálica interior para ancorar o lucernario.

- Se plantea o cambio de cazoletas en canalón 1, rebosaideros no canalón 3 e carcacas de protección nas cabezas das vigas para impedir a entrada de auga cara a madeira laminada. Serán de aceiro inoxidable AISI 316 lacado en 1,5 mm de espesor, incluíndo soldadura TIJ, selados, elementos de ancorase e utilaxes.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOUS) 2 meses.

V.- A Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 21 de novembro de 2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

A normativa urbanística aplicable , segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, é a Ordenanza 4.4. se trata dunha zona deportiva. A clasificación das obras a realizar se recollen como “obras de conservación”. A edificación deportiva se integra dentro dun conxunto de edificios residenciais ao longo da avenida Castelao.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “CONSERVACIÓN E MELLORA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE COIA” redactado polo Arquitecto Técnico D. Alejandro Martínez García, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO SESENTA E TRES MIL VINTE E SETE EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (163.027,83 EUROS), con data maio 2022 e con sinatura dixital de data 26/05/22.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1000). APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO POLÍGONO INDUSTRIAL DA PASAXE (FASE I) NOS CONCELLOS DE



Concello de Vigo

GONDOMAR E VIGO. EXPTE. 5287/401.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 15/11/2022 asinado pola técnica de Admón. Xeral, o enxeñeiro de camiños, canais e portos, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e o xerente de Urbanismo, e sometido a acordo do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 22/11/2022, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E FEITOS

I. Compre traer a colación como antecedentes e feitos máis salientables do presente expediente e do que trae causa, os que seguen:

Con data do 30.04.2014, o Consello da Xunta de Galicia acordou, prestar aprobación con carácter definitivo ao Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais de Galicia (DOGA do 05.05.2014), cuxo obxecto e delimitar unha área empresarial nomeada P.I. A PASAXE – VINCIOS (código 36021011) cunha área total de 586.947,00 m².

Posteriormente, o 15.09.2016 o Consello da Xunta de Galicia acordou a aprobación definitiva e as disposicións normativas da *Modificación do Proxecto Sectorial do Polígono Industrial de “A Pasaxe” nos concellos de Gondomar e Vigo (DOG núm. 187 do 30.09.2016)*, sendo este o proxecto sectorial vixente na actualidade e ao que se refire o proxecto de urbanización que nos ocupa.

Con data do 11.12.2018 foi recibido escrito do Concello de Gondomar, instando a conformidade municipal para a tramitación e posterior aprobación do proxecto de reparcelación do mencionado Polígono (Exp. 5225/401).

Así as cousas, con data do 27.12.2018 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, acordou prestar conformidade á tramitación administrativa referida na solicitude asinada o 04.12.2018 polo Alcalde do Concello de Gondomar, salientando que esta deberá desenvolverse respectando o ámbito competencial do Concello de Vigo e a normativa de aplicación, instrumentando para elo os mecanismos de colaboración necesarios entre ambas Administracións; o acordo advertía que debería solicitarse do Concello de Vigo a conformidade ou aprobación daqueles instrumentos que afecten ao ámbito das súas competencias segundo a normativa urbanística.

Mediante senllas Resolúcións da Alcaldía do Concello de Gondomar de datas 20.12.2019 e 04.02.2020, prestouse aprobación definitiva ao Proxecto de Reparcelación do Polígono 1 do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Polígono Industrial “A Pasaxe” (BOP núm 14 do 22.01.2020 e BOP núm. 31 do 14.02.2020).

Pola súa banda e no que atinxe ao trámite ambiental, con data do 31.08.2022 a Dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático ditou Resolución, pola que se formula o informe de impacto ambiental do proxecto de urbanización do polígono industrial da Pasaxe (FASE I), nos concellos de Gondomar e Vigo, promovido polo concello de Gondomar, concluíndo que non son previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria; debendo cumprirse as condicións ambientais do punto 4 do informe ambiental, que indica que, indica: “*que no desenvolvemento do proxecto aplicaranse as medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental propostas na documentación presentada*”

polo promotor na tramitación ambiental, tendo en conta así mesmo as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriores .

Finalmente, con data do 24.10.2022 tiña entrada no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, un escrito do Concello de Gondomar, ao que achega a seguinte documentación: Proxecto de urbanización elaborado pola consultora IDOM, datado en maio de 2017, proposta de acordo pola que se dispón a aprobación inicial do proxecto de urbanización do polígono 1 do proxecto sectorial de Incidencia Supramunicipal de A Pasaxe,- no que se reproduce na súa literalidade o informe favorable á presente actuación asinado polo arquitecto municipal o 12.09.2022 así como o informe xurídico favorable do 18.09.2022, que serviron de base ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno local con data do 19.09.2022.

II. Examinada a antedita documentación, con data do 14 de novembro de 2022 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito ao servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, emite informe técnico, de carácter favorable a actuación proposta, cuxo alcance límitase á avaliación do dito proxecto de urbanización de cara á súa aprobación inicial e avaliando, exclusivamente, aqueles aspectos do mesmo que teñen impacto sobre o ámbito competencial do Concello de Vigo, do que se extracta a continuación o seu contido técnico

“(…)1. Análise da documentación presentada.-

1.1. Memoria

O proxecto contén unha memoria na que se expón, de xeito resumido, o alcance do proxecto, os seus obxectivos e as súas características principais de deseño. A data de sinatura deste documento é de maio de 2017.

Defínense as obras de urbanización do polígono I dos dous nos que se divide o proxecto de urbanización do complexo industrial de A Pasaxe, cunha superficie a urbanizar de 204.426,71 m². Preténdese así, ordenar a trama industrial xa existente o marxe do planeamento dotándoo das infraestruturas e servizos necesarios.

Segundo a documentación achegada polo promotor, proxéctanse novos viarios coincidentes, na medida do posible, cos trazados actuais e inclúense unha serie de rotondas para mellorar o fluxo e a accesibilidade. A máis, descríbense as obras necesarias para a instalación das redes de saneamento de pluviais, sanitarias e residuais así como a rede de abastecemento para a cal tamén se proxecta unha ETAP. Por outra banda, instalaranse as infraestruturas necesarias de rede eléctrica, alumeadado público e telecomunicacións.

1.2. Anexos

No referido á descrición e xustificación das solucións adoptadas que figura nos Anexos do proxecto compre realizar as seguintes apreciacións:

Anexo 01: Topografía

Achégase como apéndice 1 a topografía base da urbanización do P.I. A Pasaxe. Sen comentarios relevantes para esta aprobación inicial.

Anexo 02: Xeoloxía e xeotécnica

O proxecto incorpora un estudo xeotécnico para a avaliación das características particulares dos terreos. Non corresponde ó alcance desta aprobación inicial o análise da suficiencia dos ensaios



Concello de Vigo

realizados nin a interpretación dos mesmos que, por outra banda, está asinada por técnicos competentes na materia.

Anexo 03: Movemento de terras

Achégase unha análise dos movementos de terras previstos nas obras de urbanización. Non se atopan no mesmo referencias concretas ás medidas de protección descritas no Informe de impacto ambiental de data 31.08.2022.

De cara á posterior aprobación definitiva, débese referir a concordancia con estas medidas.

Anexo 04: Trazado

Especificanse as características de trazado dos viais do polígono, que á súa vez se clasifican entre principais e secundarios

Compre destacar que só unha pequena parte deste trazado se desenvolve sobre terreos que actualmente pertencen ao Concello de Vigo. Neste sentido consta informe do xefe de cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo no marco do expte. nº 5225/401 no que se recolle o límite entre ambos termos municipais.



Imaxe 1 Reproducción de parte do plano achegado polo xefe de Cartografía da XMU de Vigo. O límite entre termos municipais gráfase en amarelo

Anexo 05: Firmes e pavimentos

O documento describe os criterios xerais que se tiveron en conta para o deseño dos paquetes de firmes das calzadas e a súa adaptación ás características xeotécnicas do terreo.

Do mesmo xeito, se xustifica o dimensionamento dos pavimentos empregados nas beirarrúas e aparcamentos. No caso dos pavimentos en beirarrúas compre actualizar a referencia á normativa de accesibilidade vixente a adaptarse aos seus requirimentos.

Anexo 06: Drenaxe de pluviais

O obxecto deste anexo é o dimensionamento das obras de drenaxe e a xustificación dos sistemas de evacuación de auga no ámbito de actuación. Proxéctanse nesta fase dúas redes de colectores de recollida de augas pluviais que transporta a escorrentía superficial de viais e parcelas ata o punto de desaugadoiro máis conveniente. Pasando previamente polos correspondentes tratamentos.

A máis, descríbense as técnicas de drenaxe urbana sostible incorporadas ao proxecto.

Máis aló de verificar a inclusión dos preceptivos estudos, non compren observacións a estas redes en tanto que o seu deseño e posterior mantemento resultan alleos ao Concello de Vigo.

Anexo 07: Rede de saneamento de residuais

Especifícanse os criterios de dimensionamento e as características principais de das redes de colectores a augas residuais que forman parte do sistema de saneamento.

Non se atopan no proxecto os informes das empresas concesionarias ou dos servizos municipais que vaian asumir o mantemento futuro desas redes. Tampouco se atopan referencias á EDAR receptora destas augas residuais.

Máis aló de verificar a inclusión dos preceptivos estudos, non compren observacións a estas redes en tanto que o seu deseño e posterior mantemento resultan alleos ao Concello de Vigo.

Anexo 08: Rede de abastecemento

O obxecto do anexo é a definición das redes de abastecemento de auga potable e contra incendios da Fase 1 do Polígono Industrial de Pasaxe, así como das instalacións necesarias para garantir ambas as subministracións. Proxéctase mediante unha soa rede, en Polietileno con diámetros que varían entre 90 e 250 mm.

A captación de auga realízase a través dunha conexión coa correspondente derivación na condución de auga bruta existente que procede da Presa de Zamáns e que fornece á ETAP de Nigrán. Esta derivación fornecerá auga bruta á ETAP proxectada para o uso exclusivo do polígono.

Nesta primeira fase bombéase a auga desde o depósito de auga tratada á rede de abastecemento e reflíctese que na fase posterior realizarase unha estación de bombeo na ETAP que impulse a auga ata un depósito de cabeceira, situado a unha cota elevada que garanta a subministración de auga potable mediante gravidade e que leve a cabo automaticamente a regulación precisa.

Máis aló de verificar a inclusión dos preceptivos estudos, non compren observacións a estas redes en tanto que o seu deseño e posterior mantemento resultan alleos ao Concello de Vigo.

Anexo 09: Cálculos de proceso, hidráulicos e especificacións de equipos da ETAP

Xustifica o dimensionamento dos procesos da ETAP, tanto da liña de auga como da liña de lodos xustificando o cumprimento dos valores deseño recomendados en bibliografía e normativa técnica.

Compre verificar por parte dos proxectistas que os cálculos se adaptan ás modificacións introducidas polo RD 902/2018, de 20 de Xullo (modificación do RD 140/2003, de 7 de febreiro, criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano e as especificacións dos métodos de análises do RD 1798/2010, de 30 Dic.).

Anexo 10: Deseño, cálculos eléctricos e de alumado.

Refírese que a rede eléctrica de Baixa Tensión (BT) e de Media Tensión (MT) son deseñados pola empresa encargada da subministración eléctrica da zona: Unión Fenosa, quedando o deseño, criterios e trazado da rede dentro dos proxectos da empresa de subministración. Inclúese no apéndice



Concello de Vigo

1 a documentación facilitada por Fenosa en relación á rede eléctrica de media e baixa tensión. Nos planos do proxecto recóllense os planos desta comunicación de Fenosa.

Máis aló de verificar a inclusión dos preceptivos estudos, non compren observacións a estas redes en tanto que o seu deseño e posterior mantemento resultan alleos ao Concello de Vigo.

Anexo 11: Rede de telecomunicacións

Descríbese o deseño de Infraestrutura de Rede de Telecomunicación para dotar ao Polígono Industrial da Pasaxe da infraestrutura necesaria que permita o servizo de telecomunicacións ás parcelas presentes na ordenación do Polígono.

Anexo 12: Estruturas.

Descríbense as estruturas proxectadas no proxecto de urbanización. Dado o tempo transcorrido dende a redacción do proxecto, compre unha actualización da normativa e una verificación de cumprimento.

Non corresponde ó alcance desta aprobación inicial o análise dos cálculos realizados que, por outra banda, están realizados por técnicos competentes na materia

Anexo 13: Restitución natural do leito do río Zamáns.

Reflicítese as actuación previstas que deberan axeitarse ao condicionado que figura no informe de impacto ambiental de data 31.08.2022.

Anexo 14: Sinalización e mobiliario urbano

Sen comentarios relevantes para esta aprobación inicial una vez verificada a súa inclusión no documento.

Anexo 15: Bens e dereitos afectados

Sen comentarios relevantes para esta aprobación inicial una vez verificada a súa inclusión no documento.

Anexo 16: Xustificación de prezos

Sen comentarios relevantes para esta aprobación inicial una vez verificada a súa inclusión no documento. Semella precisa a actualización dos prezos dado o prazo transcorrido dende a redacción do proxecto.

Anexo 17: Plan de obra

Sen comentarios relevantes para esta aprobación inicial una vez verificada a súa inclusión no documento.

Anexo 18: Estudo de seguridade e saúde

Sen comentarios relevantes para esta aprobación inicial una vez verificada a súa inclusión no documento.

Anexo 19: Xestión de residuos

Sen comentarios relevantes para esta aprobación inicial una vez verificada a súa inclusión no documento.

1.3. Planos

Sen comentarios relevantes máis aló dos derivados das observacións que forman parte deste informe

1.4.Prego

Corresponde ó proxectista velar por una correspondencia entre as unidades descritas no PPTP e as descrición incluídas nos prezos do presuposto. Do mesmo xeito debe velarse por unha correspondencia entre as condición de abono descritas e as formas de medición dispostas para cada un dos prezos.

1.5.Presuposto

O documento ten os contidos mínimos esixibles sen formar parte do alcance da presente revisión o contraste das medicións incluídas no mesmo.

2.Conclusións

A derradeira documentación achegada o 24 de outubro de 2022 sobre o Proxecto de Urbanización do Polígono Industrial da Pasaxe (Fase I) considerase, unha vez avaliada naqueles aspectos que atanguen ao Concello de Vigo, axeitada para proceder á súa aprobación inicial de conformidade co pautado nos artigos 96 da LSG e 223 e 225 do seu Regulamento de desenvolvemento.

Non obstante, recóllense dentro deste informe observacións que non se consideran incompatibles con esta proposta de aprobación inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa Básica aplicable

- Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia
- Lei 5/2017, do 19 de decembro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia,
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia
- Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxecto sectoriais de incidencia supra-municipal
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
- Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
- O resto da disposicións que poidan afectar

II- Natureza, Obxecto e Ámbito do proxecto de urbanización

O presente proxecto de urbanización ten por obxecto desenvolver as actuacións definidas polo miúdo na Modificación do proxecto sectorial do PIP; reproducindo o viario xa proxectado e recollendo as instalacións propostas na



Concello de Vigo

MPS do PIP, do xeito e do resultado que se reflicten no informe técnico transcrito nas alíneas precedentes, e a cuxo contido nos remitimos por non incorrer en repeticións innecesarias.

III.-Dos Proxectos de urbanización

Tanto a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), como o Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento(RLSG), configuran os proxectos de urbanización como instrumentos de execución dos plans, logo de que a anterior Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUG), abandonase a súa tradicional incardinación no eido do planeamento.

En concreto, os artigos 96 LSG e 223 RLSG, baixo o epígrafe “execución e conservación de obras de urbanización,” dispoñen que os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e as dotacións establecidos no planeamento.

Os proxectos de urbanización constituirán, en todo caso, instrumentos para o desenvolvemento de todas as determinacións que o plan prevexa en canto a obras de urbanización, tales como viabilidade, abastecemento de auga, rede de saneamento, enerxía eléctrica, iluminación pública, xardinaría, sinalización e mobiliario urbano, infraestruturas telefónicas e de telecomunicacións, redes de gas e outras análogas (art. 225.2 RLSG); e deberán definir, detallar e programar as obras coa precisión necesaria para que poidan ser executadas, eventualmente, por persoal técnico distinto da persoa autora do proxecto e estar subscritos por persoal técnico con habilitación legal suficiente.

Así mesmo, as empresas subministradoras e distribuidoras dos servizos prestarán a súa colaboración para garantir a redacción do proxecto e a súa execución. Neste senso, os proxectos deberán resolver o enlace cos sistemas xerais e prever as infraestruturas de conexión e as de ampliación ou reforzo.

Os proxectos de urbanización non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras; deben respectar, en todo caso, as condicións de accesibilidade universal e atender a criterios de calidade, sustentabilidade económica e ambiental así coma de eficiencia enerxética.

En ningún caso os proxectos de urbanización poderán conter determinacións sobre ordenación, réxime do solo ou da clasificación e deberán axustarse ás determinacións establecidas nas normas de urbanización contidas no planeamento.

En canto ao contido do proxecto, o artigo 225 RLSG, establece que abranguerá unha memoria descritiva das características das obras, planos de información e situación debidamente referenciados, planos de proxecto e de detalle, prego de prescricións técnicas, medicións, cadros de prezos, orzamento e estudos, programas e plans de seguridade e calidade que procedan.

Neste senso, en relación á suficiencia da documentación presentada e cumprimento dos aspectos técnicos de obrigada observancia, o Enxeñeiro de camiños, canais e portos da XMU en data 14.11.2022 informa con carácter favorable dito extremo, concluíndo que, *A derradeira documentación achegada o 24 de outubro de 2022 sobre o Proxecto de Urbanización do Polígono Industrial da Pasaxe (Fase I) considérase, unha vez avaliada naqueles aspectos que atanguen ao Concello de Vigo, considérase axeitada para proceder á súa aprobación inicial de conformidade co pautado nos artigos 96 da LSG e 223 e 225 do seu Regulamento de desenvolvemento*, informe que se incorpora ao texto da presente presente proposta e lle serve de motivación, consonte co previsto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

IV.- Presupostos de execución

Tal e como se ten sinalado no expositivo, consta aprobado definitivamente o Proxecto de equidistribución, como presuposto de execución material dos previstos no artigo 95 da LSG desenvolto polo artigo 221 do RLSG.

V.- Formulación e tramitación

A tramitación dos proxectos de urbanización establécese no punto 3ºdo amentado artigo 96 LSG e, no seu desenvolvemento no artigo 226 RLSG, que determinan que os proxectos de urbanización serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de un mes (1 mes), mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, e con notificación individual aos propietarios afectados.

Durante a fase de información pública do proxecto, o Concello deberá solicitar os informes e autorizacións sectoriais que resulten preceptivos.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobaraos definitivamente, coas modificacións que resulten pertinentes.

VI.- Ámbito Supramunicipal

O proxecto sectorial do polígono industrial da Pasaxe, incide na súa meirande parte no Concellos de Gondomar e nunha pequena parte no de Vigo

Deste xeito, o artigo 11.2. da Lei 5/2017 de fomento da implantación de medidas empresariais establece que, o proxecto de urbanización deberá ser aprobado polos Concellos afectados, no seguinte senso:

“2. Os proxectos de urbanización que desenvolvan as determinacións dos proxectos sectoriais destinados ao desenvolvemento dunha área empresarial cuxo promotor sexa distinto dos indicados no punto anterior serán aprobados polo Concello correspondente, seguindo o procedemento establecido na lexislación urbanística aplicable.

Neste caso, cando o proxecto sectorial afecte máis dun concello, o proxecto de urbanización deberá ser aprobado por cada un dos concellos afectados, co obxecto de dispoñer dunha aprobación conxunta del.

VII.- Da aprobación inicial

O acto de aprobación inicial non é máis que o exame do proxecto elaborado e decisión, no seu caso, de que se inicie o procedemento legal, coa subsecuente información pública para a expedición do acto administrativo definitivo, polo que no seu propio alcance está explícita a súa natureza como verdadeiro acto de trámite dirixido a preparar e posibilitar posteriores decisións, cunha impugnabilidade independente, tanto en vía administrativa como na xurisdiccional, agás que sexa denegatorio e impida a continuación do procedemento.

VIII.- Órgano competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1. d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, **proponse á Xunta de Goberno Local**, por se o estima procedente, a adopción do seguinte,

ACORDO

Primeiro.- Prestar aprobación, con carácter inicial, ao «Proxecto de urbanización do Polígono 1 do Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Polígono Industrial “A Pasaxe” redactado pola mercantil IDOM, datado en maio do 2017. Esta aprobación inicial considerase referida, exclusivamente, á parte da urbanización que se desenvolve sobre os terreos situados no Concello de Vigo.



Concello de Vigo

Segundo.- Someter o presente proxecto, inicialmente aprobado, a información pública, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes mediante anuncio que se publicará no "Boletín Oficial" da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, nun dos xornais de maior difusión da provincia-computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente nunha ligazón web creada aos ditos efectos, e no departamento de información do Concello de Vigo, en horario de oficina, previa cita telefónica, ou ben a través da sede electrónica, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1001).- INFORME AO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO POR PREVISONOR,S.L. EN RELACIÓN AO PROCEDIMENTO ABERTO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA VIXILANCIA DA SAÚDE. EXPTE. 1533/2202.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/11/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 6 de outubro de 2022, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo (en diante XGL), aprobou o expediente de contratación, por procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde, así como a autorización do correspondente gasto e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O anuncio de licitación deste procedemento publicouse o 18 de outubro de 2022 no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, iniciándose o prazo de presentación de ofertas ese mesmo día e rematou o día 14 de novembro de 2022.

Terceiro.- Durante o prazo conferido ao efecto presentaron oferta os seguintes licitadores:

1. GEROSALUD
2. IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.
3. PREVISIONOR, S.L.
4. QUIRON PREVENCION, S.L.U.

Cuarto.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 17 de novembro de 2022, procedeu a apertura e cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos. Tras a mesma, acordou admitir neste procedemento aos citados licitadores e procedeu en acto público á apertura do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula”.

Con respecto ao licitador PREVISIONOR, S.L., no acta manifestase que:

“Faise constar que unicamente formula un prezo e un desglose cos custos directos e indirectos, gastos xerais, beneficio industrial e actualización salarial. A proposición non recolle pronunciamento ningún sobre os demais criterios de



Concello de Vigo

adxudicación conforme ao modelo recollido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP, se ben achega un arquivo denominado "Experiencia persoal" que contén documentación acreditativa relativa aos demais criterios".

Quinto.- En data 18 de novembro de 2022, D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de PREVISONOR, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a presente licitación. O escrito de recurso presentouse no Rexistro Xeral deste Concello, sendo remitido polo servizo de Contratación ao Tribunal.

Sexto.- En data 23 de novembro de 2022, o servizo xestor, emite informe sobre as alegacións formuladas polo recorrente no escrito de recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación os pregos que rexen o procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde do concello de Vigo.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.

- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando éstas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comezo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.



Concello de Vigo

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargas a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación dos pregos é susceptible de recurso especial en materia de contratación.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpre as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senon que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*.

No caso que nos ocupa non hai dúbida da lexitimación do recorrente na súa cualidade de licitador.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.



Concello de Vigo

- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ó que enviar, de conformidade coa disposición adicional décimo quinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberán comunicarse ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do Concello e remitido polo servizo de contratación ao TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- a) Cando se interpoña contra o anuncio de licitación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no perfil de contratante.
- b) Cando o recurso se interpoña contra o contido dos pregos e demais documentos contractuais, o cómputo iníciarase a partir do día seguinte a aquel en que se publicou no perfil de contratante o anuncio de licitación, sempre que neste se indicase a forma en que os interesados poden acceder a eles. Cando non se fixese esta indicación, o prazo comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se lle entregaron ao interesado ou este puidese acceder ao seu contido a través do perfil de contratante.

O recurso foi interposto no Rexistro do concello en data 18 de novembro. Dado que o anuncio publicouse no DOUE o día 18 de outubro de 2022, o prazo de interposición rematou o día 9 de novembro, polo que o recurso é extemporáneo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a inadmisión do recurso. No entanto, e por se o Tribunal acorda admitir o recurso analizaremos nos fundamentos xurídicos seguintes os motivos de impugnación esgrimidos polo recorrente.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

No escrito de recurso o recorrente formula as seguintes alegacións:

1. Vulneración das normas reitoras das relacións laborais.
2. O contido do contrato excede ao obxecto da licitación.

3. Nulidade do acto administrativo.

Se ben esta derradeira alegación non é un motivo de impugnación senón unha solicitude de nulidade en virtude dos motivos expostos nas alegacións anteriores.

Analizaremos cada unha delas a continuación:

1.- Vulneración das normas reitoras das relacións laborais

Comeza PREVISOR o seu alegato manifestando que:

“el Órgano al que me dirijo ha incurrido en motivos de nulidad o subsidiariamente anulabilidad al contradecir las normas rectoras de aplicación a las relaciones laborales, esto es: el Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores, y el convenio colectivo de aplicación, en este caso la Resolución de 21 de septiembre de 2017, Página 1 de 8 de la Dirección General de Empleo, por la que se registra y publica el II Convenio colectivo nacional de servicios de prevención ajenos. Concretamente, se ha producido una vulneración de los siguientes artículos del referido Convenio:

Artículo 13. Principios generales (...)

Artículo 15. Jornada de trabajo (...)

Artículo 16. Trabajo a turnos y trabajo nocturno (...)

Artículo 17. Horas extraordinarias (...)

Artículo 19. Vacaciones (...)

Artículo 36. Descripción de los grupos profesionales (...)

Y del Estatuto de los Trabajadores, en la misma línea:

Artículo 35. Horas extraordinarias (...)

Artículo 36. Trabajo nocturno, trabajo a turnos y ritmo de trabajo (...)

Los pliegos aquí recurridos contradicen frontalmente los derechos laborales de los trabajadores, garantizados en las normas antes mencionadas, esencialmente en tres puntos:

1º) Incorrecta calificación del nivel retributivo correspondiente al Médico Especialista: se está atribuyendo a este perfil un Nivel 1, tratando su puesto como un mero sanitario integrado en la Unidad Básica de Salud, si bien su labor, a la simple lectura de los pliegos, implica tareas de dirección, coordinación, organización de equipo, desarrollo de contenidos, asistencia y colaboración con el Comité de seguridad y Salud, estudios epidemiológicos, campañas de vacunación... (véase PUNTOS 5 y 6 de los Pliegos técnicos). Todo ello excede con carecer las tareas de un puesto de Médico Especialista en una Unidad Básica de Salud, siendo su perfil sin lugar a dudas el definido en el



Concello de Vigo

Nivel 0, y no en el Nivel I que es el que se imputa a coste salarial en las codiciones económicas de la presente licitación.

2º) Dispone el punto 2 de los Pliegos técnicos que: O SPA porá a disposición do Concello de Vigo un teléfono de contacto con especialista en medicina do traballo dispoñible 24 horas/día os 365 días do ano para asesoramento ou comunicación puntual de calquera cuestión relacionada coa prestación do servizo ou cuestións relacionadas coa saúde do persoal do concello de Vigo. Una dotación como la que aquí se exige de 24/7 durante 365 días al año tiene muy difícil encaje con la normativa laboral vigente, salvo que se dote de un segundo Médico Especialista que atienda dichas guardias, porque de lo contrario se estaría vulnerando abiertamente el derecho al descanso de los trabajadores y el derecho a derecho a la desconexión digital se regula en el artículo 88 de la Ley Orgánica 3/2018, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales; en el artículo 20 bis del ET y en el artículo 18 del Real Decreto-Ley 28/2020, de trabajo a distancia. No se ha tenido en cuenta en la redacción de estos pliegos que, o bien se incorpora un perfil más para cubrir esta dotación, o bien se redistribuye la jornada del médico y se prevé una partida salarial específica para horas extraordinarias, nocturnidad o plus de disponibilidad, según el planteamiento, que aquí no se ha valorado.

3º) Ausencia de dotación presupuestaria para costes salariales mínimos: no se ha previsto presupuesto para cubrir la contratación del personal interino durante los periodos de descanso del personal.”

A esta alegación resposta a responsable do contrato, no seu informe de data 23 de novembro de 2022 o seguinte:

“

1. INCORRECTA CALIFICACIÓN DO NIVEL RETRIBUTIVO CORRESPONDENTE AO MÉDICO ESPECIALISTA.

En relación ao GRUPO PROFESIONAL, o II Convenio¹ Colectivo Laboral de ámbito nacional do Sector dos Servizos de Prevención Alleos, publicado no B.O.E. de 07/10/2017 e posterior Resolución de 14 de enero de 2021, de la Dirección General de Trabajo, por la que se registra y publica el acuerdo parcial del Convenio colectivo de servicios de prevención ajenos publicado no B.O.E. de 27 de xaneiro de 2021, que recolle respecto aos salarios que este acordo se estenderá ate que a Comisión Negociadora do III Convenio Colectivo nacional de Servizos de Prevención Alleos alcance un acordo, polo que actualmente está en vigor e resulta de aplicación, establece no seu artigo 36:

“Grupo I, Nivel 1.

El personal incluido en este nivel, se responsabilizan de la gestión de una unidad funcional o de negocio de cierta complejidad y dotada de un volumen medio de recursos. Cuentan con una elevada autonomía en el desarrollo de su trabajo, estando sujetos a políticas funcionales o planes de acción definidos, y recibiendo supervisión respecto al grado de consecución de los objetivos y planes acordados. La realización de su trabajo supone afrontar,

1 <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2017-11523>

frecuentemente, una diversidad de situaciones, y requiere tanto la dirección de las personas de su unidad, como el trabajo en equipo con otras unidades. Asumen una responsabilidad económica considerable como consecuencia de su ámbito de gestión.

¹Están adscritos a este nivel 1 el personal Médico con especialidad en Medicina del Trabajo.”

A criterio técnico se considera que tódalas actividades a realizar especificadas no punto 5 do Prego de Prescricións Técnicas Particulares están incluídas na labor diaria da persoa que preste o servizo como médico/a especialista en medicina do traballo, actividades que desenvolverá sempre dentro da súa quenda laboral.

En relación ás campañas de vacinación especificamente mencionadas, as solicitadas responden ás funcións das tarefas desenvolvidas e aos riscos aos que está exposto/a cada profesional, como por exemplo no caso de exposición a axentes biolóxicos para os que exista vacinas eficaces, tal e como recolle o R.D. 664/1997, de 12 de mayo, sobre protección de los trabajadores contra los riesgos relacionados con la exposición a agentes biológicos durante el trabajo. E así figuran recollidas na PLANIFICACIÓN ANUAL² elaborada polo propio SPA. En calquera caso a vacinación sempre é realizada polo/a DUE de empresa ou polo/a médico/a, nunca polo/a especialista.

Respecto dos servizos adicionais e promoción da saúde recollidos no punto 6 do Prego de Prescricións Técnicas Particulares serán prestados dentro da quenda laboral de 8-15 horas en días laborais, coordinados ou organizados pola empresa adxudicataria, non estando asignados especificamente ao/a especialista en medicina do traballo, a modo de exemplo: planificación, organización de datas horarios e grupos tarefa que recae habitualmente na DUE de empresa; Instalación, dotación mínima, sinalización, mantemento e rexistro de dous desfibriladores semiautomáticos Operacionais Conectados (DOC) para o que a adxudicataria contratará con empresa externa especializada; revisións odontolóxicas, urolóxicas e xinecolóxicas, detección precoz do cancro colo-rectal e servizo de atención psicolóxica prestadas por especialista externo contratado pola adxudicataria, e en ningún caso prestado polo especialista en medicina do traballo nin coordinado por este/a; formación de primeiros auxilios, formación en relación aos riscos ocasionados pola

1 <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2017-11523>

2 PLANIFICACIÓN DA ACTIVIDADE PREVENTIVA. Páx. 15. “Vacinación: As indicacións de vacinación de cada profesional deben ser individualizadas en función das tarefas desempeñadas e os riscos aos que está exposto. Cando exista risco por exposición a axentes biolóxicos para os que haxa vacinas eficaces, tal e como indica no RD 664/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes biolóxicos durante o traballo estas poñeranse ao dispor dos traballadores, informándolles das vantaxes e inconvenientes da vacinación. Neste sentido, as vacinas que se deben ofrecer aos traballadores son (16, 17, 18, 19, 20) Gripe: administración anual IM durante a tempada de campaña antigripal a os traballadores que o soliciten. Recomendada a traballadores con atención ao público, policía locais e bombeiros. Hepatite A: 2 dose IM (0-6 m) recomendada en traballadores que segundo criterio médico poidan ter un maior risco e traballadores en contacto con augas residuais non depuradas (fontaneiros). Non se require seroloxía postvacunal. Hepatite B: 3 dose IM (0 - 1- 6 meses) en persoal de Policía Local, Bombeiros e traballadores de atención social que poidan ter exposición a sangue ou derivados. Se o título de anticorpos previo de IgG anti- HBs ≥ 10 en seroloxía postvacunal, non é necesario revacunar. Tétanos- difteriatosferina (dTpa): dose única IM (pode substituír a unha dose de dT se a primovacunación fronte a dT é incompleta)”. Máis argumentos nas páxinas 13-16 do citado documento.



Concello de Vigo

picadura de himenópteros para o que se especifica que “A formación pode ser impartida polo persoal sanitario do SPA”, o que inclúe ao restante persoal sanitario: á/ao DUE de empresa e á/ao médico/a.

2. **“PUESTA A DISPOSICIÓN DE TELÉFONO DE CONTACTO CON ESPECIALISTA EN MEDICINA DEL TRABAJO DISPONIBLE 24 HORAS/DÍA LOS 365 DÍAS DEL AÑO”.**

O apartado II.2 do Prego de Prescricións Técnicas Particulares recolle o seguinte:

“O SPA porá a disposición do Concello de Vigo un teléfono de contacto con especialista en medicina do traballo dispoñible 24 horas/día os 365 días do ano para asesoramento ou comunicación **puntual** de calquera cuestión relacionada coa prestación do servizo ou cuestións relacionadas coa saúde do persoal do concello de Vigo.”

A RAE na acepción 6 do vocablo “puntual”¹ establece “6. adj. Ocasional, que se produce de maneira aislada fronte a lo habitual. Acción, carácter, colaboración puntual”. Definindo “ocasional”² como “que solo ocorre o actúa en alguna ocasión”.

A previsión está incluída porque no concello de Vigo existen determinados servizos que traballan a 3 quendas (quenda de mañá, tarde e noite como por exemplo a Policía Local, parte do persoal do Servizo de Extinción de Incendios...) e por si se dera algunha circunstancia excepcional e puntual que requirira a localización do especialista en medicina do traballo fora da súa quenda. Situación puntual e extraordinaria que non se deu ate a data dende a constitución mediante decreto no ano 2004 do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais.

Polo tanto a interpretación dada pola empresa parece excesiva e incomprendible.

3. **“AUSENCIA DE DOTACIÓN PRESUPUESTARIA PARA COSTES SALARIALES MÍNIMOS”.**

PREVISONOR, S.L. argumenta que na memoria económica non se preveu orzamento para cubrir a contratación de persoal interino durante os períodos de descanso do persoal, suposto (contratación de persoal interino para cubrir períodos de descanso) que esta administración descoñece.

Os SPA teñen que dispoñer no seu cadro de persoal de Médicos/as especialistas en medicina do traballo e de DUEs de empresa para conseguir a acreditación da especialidade de Vixilancia da Saúde.

1 <https://dle.rae.es/puntual>

2 <https://dle.rae.es/ocasional>

A rede de centros¹ coa que conta PREVISIONOR, S.L. (8 centros na provincia de Pontevedra - Cambados, Cangas do Morrazo, Porriño, Lalín, Pontevedra, Sanxenxo, Vigo e Vilagarcía de Arousa -, e con presenza nas outras tres provincias galegas e na maioría das comunidades autónomas) posibilita a mobilidade e polo tanto que o persoal sanitario adscrito a eses centros poida desprazarse para cubrir os períodos de descanso, sen que sexa necesario realizar contratación adicional. Contratación que por outra parte parece pouco viable debido á escasez de especialistas en Medicina do Traballo e DUE de empresa da que se veñen queixando os SPA nos derradeiros anos, situación que se arrastra ate a actualidade.

Para o cálculo dos custos salariais do persoal se tomou como referencia os custos establecidos segundo Resolución de 14 de enero de 2021, de la Dirección General de Trabajo, por la que se registra y publica el acuerdo parcial del Convenio colectivo de servicios de prevención ajenos publicado no B.O.E. de 27 de xaneiro de 2021, tendo en conta o salario base e os custos de SS.SS., resultando un custo anual para o/a especialista de Medicina do Traballo de 38.689,89 €.

As retribucións salariais anuais do persoal adscrito, engadido o custo da suma de cotizacións á Seguridade Social (continxencias comúns, formación, desemprego... estimado en 32%) estimadas na memoria económica serían 101.216,13€/ano.

Os custos materiais estaban estimados en 114.771,00 €/ano.

O orzamento base de licitación do contrato (tres anos) é de 747.488,25€ (249.162,75 €/ano), e PREVISIONOR, S.L. ofertou un prezo de 665.264,55€, é dicir 221.754,85 €/ano o que supón unha oferta por debaixo do estimado na memoria económica de 27.408€/ano”.

2.- O contido do contrato excede ao obxecto da licitación

Manifesta o licitador respecto a esta cuestión que:

“el objeto del contrato no coincide con el contenido del mismo, dado que se está haciendo una oferta de contratación para la asunción por parte de un Servicio de Prevención Ajeno de la vigilancia de la salud de los trabajadores, pero el contenido excede el marco de la seguridad y salud laboral al exigir al licitador que cubra pruebas y diagnósticos (revisiones urológicas, ginecológicas, odontológicas...) que nada tienen que ver con un servicio de vigilancia de la salud de los trabajadores, al no haber ninguna relación con los riesgos asociados al puesto de trabajo. Es decir, bajo la apariencia de un Servicio de Prevención, se está dotando al personal del Concello de un servicio sanitario, como el que viene a cubrir el Sistema Público de Salud, o las pólizas sanitarias privadas. Así, en el apartado 6. SERVICIOS ADICIONAIS E

1 <https://previsonor.es/nosotros/red-de-centros/>



Concello de Vigo

PROMOCIÓN DA SAÚDE, se han introducido una serie de servicios que no forman parte del objeto del contrato”.

Compre comezar por poñer de releve que no ámbito da contratación pública, ao igual que na contratación privada, rexe o principio de liberdade de pactos, que permite as partes adoptar no contrato as estipulacións que tiñan por conveniente, sempre que non sexan contrarias. Está recollido no artigo 1255 Código Civil que establece que *“Los contratantes pueden establecer los pactos, cláusulas y condiciones que tengan por conveniente, siempre que no sean contrarios a las leyes, a la moral ni al orden público”*. En sede administrativa está regulado no artigo 34.1 da LCSP segundo o cal *“En los contratos del sector público podrán incluirse cualesquiera pactos, cláusulas y condiciones, siempre que no sean contrarios al interés público, al ordenamiento jurídico y a los principios de buena administración”*. Ao fío deste principio, a Administración municipal ten a liberdade de configurar o contrato como mellor lle pareza. Non existe inconveniente legal para incluír, ademais das prestacións relativas ao servizo de vixilancia da saúde calquera outras. E os potenciais licitadores, as empresas que operan no sector, teñen a liberdade de presentarse ou non a licitación segundo lles conveña. De feito, se a Administración solicitase prestacións inasumibles, ou non axustase o orzamento base de licitación ao valor no mercado das prestacións que esixe, correría o risco de que a licitación quedase deserta. Como se pode apreciar, á presente licitación presentáronse catro licitadores. Todos eles nas súas ofertas propoñen un prezo inferior ao orzamento base de licitación e comprométese a realizar todas as melloras solicitadas como criterio de adxudicación.

Con relación a esta alegación informa o servizo xestor o seguinte:

“Respecto do contido do contrato aludido neste punto (servizos adicionais e promoción da saúde), estes servizos levan sendo prestados libre e voluntariamente por PREVISIONOR, S.L. dende o 01/03/2018 como adxudicataria do contrato maior de vixilancia da saúde expediente 27683/220, sendo solicitados na maior parte pola representación sindical do Concello de Vigo. Algúns destes servizos como no caso da atención psicolóxica e da formación en primeiros auxilios, picadura de himenópteros e hixiene postural, considéranse medidas preventivas recomendadas polo persoal técnico do Servizo Propio de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Vigo. Estes servizos figuran recollidos no punto 6 do Prego de Prescricións Técnicas Particulares, considéranse prestacións adicionais para a promoción da saúde e o seu custo está contemplado na memoria económica”.

En consecuencia, á vista do alegado, procede propoñer ao Tribunal a desestimación das alegacións do recorrente.

Pero non podemos esquecer o feito de que o recorrente é un dos licitadores presentados a esta licitación. É un principio incuestionable na contratación pública, positivizado no artigo 139 da LCSP, que a presentación dunha oferta nunha licitación supón a aceptación incondicionada polo licitador dos pregos que a rexen, que constitúen a denominada *“lex contractus”*. Neste senso, impugnalos cando a licitación non resulta favorable implica ir contra os propios actos. En esta liña, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, na Resolución nº 7/2021, ditada no Recurso nº 1207/2020 di que:

“de acuerdo con el principio conforme al cual los pliegos conforman la Ley del contrato y vinculan en sus propios términos a los licitadores que concurren a la licitación aceptando su contenido y también a los órganos de contratación, tal y como señala el artículo 139 de la LCSP, que dispone en su primer apartado que:

“1. Las proposiciones de los interesados deberán ajustarse a los pliegos y documentación que rigen la licitación, y su presentación supone la aceptación incondicionada por el empresario del contenido de la totalidad de sus cláusulas o condiciones, sin salvedad o reserva alguna, así como la autorización a la mesa y al Órgano de Contratación para consultar los datos recogidos en el Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público o en las listas oficiales de operadores económicos de un Estado miembro de la Unión Europea”.

El carácter vinculante de los pliegos, una vez han adquirido firmeza, ha sido reiterado por la jurisprudencia y por este Tribunal en su doctrina en numerosas ocasiones y, entre otras, en nuestra Resolución 47/2018, de 19 de enero, en la que hicimos constar que:

“La parte recurrente no impugnó la redacción de las cláusulas del PCAP cuando este fue publicado, dentro del plazo que el TRLCSP confiere para ello, por lo que no cabe ahora pretender, cuando el resultado de la valoración le es desfavorable, revisar las cláusulas que regulan la puntuación que han de recibir las mejoras, salvo que se haya incurrido en nulidad de pleno derecho (...) (fundamento de derecho quinto)”.

Á vista destes principios, aínda que o recorrente tivese razón en canto ao fondo do recurso, procedería, en opinión da técnico que subscribe, solicitar a desestimación do recurso polo TACGAL.

-VI-

Conclusiones

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a inadmisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación dos pregos que rexen este procedemento, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir



Concello de Vigo

infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente non solicitou a suspensión do procedemento. Esta Administración considera adecuado para o interese público suspender o mesmo, pois de continuar coa tramitación se producirían danos de difícil ou imposible reparación se se estimase o recurso, por canto é probable que o contrato poida adxudicarse e formalizarse antes de que se resolva o presente recurso.

Á vista do exposto solicítase do Tribunal a adopción da medida cautelar de suspensión.

-VIII-

Multa

Recordemos os principios expostos no fundamento xurídico V, de que a presentación de oferta nunha licitación supón a aceptación incondicionada dos pregos que a rexen, e de que os pregos son a lei do contrato, positivizados no artigo 139 da LCSP. Á luz dos mesmos, en opinión da informante, é de mala fe impugnar os pregos que rexen a licitación, unha vez aberta a proposición económica e coñecendo o recorrente o resultado da licitación, sabendo que non é o primeiro clasificado, e tendo dúbidas sobre a valoración da súa oferta. Recordemos que, tal e como se recolle na acta da Mesa de Contratación de apertura do sobre C deste procedemento: *“Faise constar que unicamente formula un prezo e un desglose cos custos directos e indirectos, gastos xerais, beneficio industrial e actualización salarial. A proposición non recolle pronunciamento ningún sobre os demais criterios de adxudicación conforme ao modelo recollido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP, se ben achega un arquivo denominado “Experiencia persoal” que contén documentación acreditativa relativa aos demais criterios”*.

Á vista destas circunstancias, esta administración solicita a imposición dunha multa ao licitador recorrente. O artigo 58 da LCSP permite ao órgano competente para resolver o recurso, neste caso o TACGAL, se apreciase imprudencia ou mala fe na interposición do recurso ou na solicitude de medidas cautelares, acordar a imposición dunha multa ao responsable.

-IX-

Acordo

En mérito ao exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1002).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez